



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 114
22 de marzo de 2021

Fascículo 2



CSV: BOPGDSPGDQc0tpCOG6

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Aprobación con modificacións

I 4862 (11/PNC-000578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender as demandas da asociación QuerENDO. Mulleres con endometriose [45648](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 9104 (11/PNC-000949)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xogo [45649](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 9339 (11/PNC-000971)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais na industria da pedra e do mármore [45650](#)

I 11060 (11/PNC-001127)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións oportunas para a construción dunha residencia pública para persoas maiores no concello de Petín [45650](#)

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Aprobación sen modificacións

I 5437 (11/PNC-000654)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis



Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a ampliación do programa de apoio á celebración do Ano Santo Xacobeo 2021 [45650](#)

I 8039 (11/PNC-000861)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia instando o Goberno de España a garantir a viabilidade da industria naval por medio do mecanismo de recuperación e resiliencia dos fondos Next Generation e a reclamación ante a Unión Europea da garantía do principio de igualdade na recepción das axudas [45651](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 9621 (11/PNC-000994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa introdución de posibles cambios no actual mapa de xeodestinos turísticos de Galicia, a súa publicación e o desenvolvemento dun marco normativo para esas áreas [45651](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 11170 (11/PNC-001142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións de Iberdrola de trasladar a Salamanca o seu Centro de Operación de Conca do río Sil, situado no concello da Rúa, así como coa desaparición dos seus postos de traballo e progresivo desmantelamento dos seus servizos no territorio galego [45652](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 11780 (11/PNC-001195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e dous deputados máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e a actuación que debe levar a cabo para paliar a situación económica que está a padecer o sector dos salóns de peiteado e de estética e barbarías [45652](#)

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 11743 (11/PNC-001189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións da autorización de ocupación do pantalán de embarcacións tradicionais outorgada ao Club Mariño A Rei-boia no peirao da Chousa, no concello de Poio, e o desenvolvemento nel de actividades de divulgación da mariña tradicional [45653](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións**I 10869 (11/PNC-001110)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co actual bloqueo da comercialización das capturas de marraxo [45654](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 3886 (11/PNC-000448)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a produtividade do banco marisqueiro dos Lombos do Ulla [45654](#)

I 9676 (11/PNC-001000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa falla de remuda xeracional no sector pesqueiro de Galicia [45654](#)

1.4. Procedementos de información**1.4.5. Respostas a preguntas****I 12496 - 694 (11/PRE-000030)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno en relación coas conclusións reflectidas no informe do Consello de Contas sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2010-2016 [45662](#)

I 12499 - 2585 (11/PRE-000274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura dos postos de pediatría vacantes nos concellos da comarca da Mariña e da dotación deste servizo nos do Valadouro e Alfoz [45665](#)

I 12501 - 3189 (11/PRE-000361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción dalgunha responsabilidade no proceso de fusión das caixas de aforro, o favorecemento da súa investigación e a valoración que fai da argumentación ao respecto inserida no auto da Audiencia Nacional referido ao caso urbanístico Marina Atlántica

[45667](#)**I 12505 - 3431 (11/PRE-000395)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da implantación dunha unidade específica de xeriatría no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

[45670](#)**I 12507 - 4649 (11/PRE-000564)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a xestión da Consellería de Política Social en relación cos centros de atención residencial con contaxios por covid-19, os parámetros obxectivos que está a seguir para intervir unha residencia afectada e as medidas da Xunta de Galicia para mellorar a situación existente na residencia de maiores de Cervo

[45672](#)**I 12509 - 4672 (11/PRE-000568)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos á concesión do teletraballo ordinario ao persoal da Xunta de Galicia desde o día 13 de marzo de 2020

[45676](#)**I 12512 - 4728 (11/PRE-000575)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre a necesidade de crear unha axencia de avaliación das políticas públicas

[45679](#)**I 12520 - 5076 (11/PRE-000607)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o número de persoas beneficiarias da Risga que deixaron de percibir por ser incompatible co ingreso mínimo vital e as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei de inclusión social de Galicia para facer compatibles esas prestacións, así como a reclamación da xestión dese ingreso

[45682](#)**I 12516 - 5108 (11/PRE-000612)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa denuncia referida á situación das persoas usuarias da residencia de persoas maiores de Salvaterra do Miño

[45685](#)**I 12526 - 5246 (11/PRE-000633)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para evitar o aumento da pobreza enerxética [45687](#)

I 12528 - 5612 (11/PRE-000677)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da intervención da residencia de maiores Doral-residencias de Mos, os parámetros ou o protocolo obxectivo existente para a toma de decisións á hora de intervir os centros de atención residencial cando hai contaxios polo SARS-CoV-2 e os medios humanos e materiais que se habilitan unha vez intervido o centro [45690](#)

I 12533 - 5685 (11/PRE-000687)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto da situación na que se atopa o persoal de limpeza do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, a consecuencia do aumento das medidas de hixiene pola covid-19, e as súas intencións referidas á habilitación dunha partida orzamentaria para reforzar este persoal nos centros hospitalarios [45694](#)

I 12532 - 5716 (11/PRE-000689)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as razóns do expediente disciplinario presuntamente incoado a un profesional do Hospital de Verín e os datos referidos aos incoados desde novembro de 2019 no ámbito dos servizos de xinecoloxía e pediatría dese centro ou do Hospital de Ourense [45699](#)

I 12536 - 6528 (11/PRE-000756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da Rede galega de centros de protección de menores e as medidas adoptadas ou previstas para garantir o correcto funcionamento, así como o desenvolvemento, do proxecto educativo do centro Santo Anxo, no concello de Rábade [45701](#)

I 12497 - 693 (11/PRE-000806)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre os procesos de reordenación do sector público [45704](#)

I 12500 - 957 (11/PRE-000817)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o cumprimento da Lei de transparencia de Galicia [45707](#)

I 12503 - 3187 (11/PRE-001131)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as responsabilidades políticas e a investigación do proceso de fusión das caixas de aforro [45709](#)

I 12504 - 3433 (11/PRE-001157)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 4 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción da implantación dunha unidade especializada en xeriatría no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [45712](#)

I 12508 - 4647 (11/PRE-001326)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 2 máis**

Sobre a actuación da Consellería de Política Social en relación cos contaxios por covid-19 detectados na residencia de maiores de Cervo [45714](#)

I 12511 - 4670 (11/PRE-001329)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da concesión do teletraballo ordinario ao persoal ao seu servizo que o solicite, sempre que a súa presenza non sexa imprescindible [45718](#)

I 12514 - 4726 (11/PRE-001337)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de crear unha axencia de avaliación das políticas públicas [45721](#)

I 12515 - 5110 (11/PRE-001378)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para garantir os dereitos fundamentais e a debida atención e asistencia ás persoas usuarias da residencia de persoas maiores de Salvaterra do Miño [45724](#)

I 12524 - 5249 (11/PRE-001392)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para evitar que a denominada pobreza enerxética aumente de xeito radical en Galicia no contexto da covid-19 [45727](#)

I 12531 - 5554 (11/PRE-001425)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir o dereito de acceso á oferta financeira de toda a cidadanía galega, diante do escenario de exclusión que está a padecer a consecuencia dos procesos de concentración bancaria [45730](#)



I 12530 - 5610 (11/PRE-001434)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da intervención da residencia de maiores Doral-residencias de Mos, por causa do número de contaxios polo SARS-CoV-2 que rexistra [45733](#)

I 12538 - 6537 (11/PRE-001505)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas e condicións de mobilidade que vén padecendo a poboación da ribeira do encoro de Portodemouros, nomeadamente a das parroquias de Loño e Beigondo [45735](#)

I 12510 - 4671 (11/PRE-001598)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre os datos referidos á concesión do teletraballo ordinario ao persoal da Xunta de Galicia desde o día 13 de marzo de 2020 [45738](#)

I 12535 - 6513 (11/PRE-001611)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Secretaría Xeral para o Deporte para mellorar as infraestruturas e os equipamentos deportivos na provincia de Ourense e, en particular, no concello de Ourense [45741](#)

I 12527 - 5244 (11/PRE-001780)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para evitar o aumento da pobreza enerxética de xeito radical en Galicia no contexto da covid-19 [45743](#)

I 12498 - 691 (11/PRE-001922)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno en relación coas conclusións reflectidas no informe do Consello de Contas sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2010-2016 [45746](#)

I 12502 - 3188 (11/PRE-001946)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción dalgunha responsabilidade no proceso de fusión das caixas de aforro, o favorecemento da súa investigación e a valoración que fai da argumentación ao respecto inserida no auto da Audiencia Nacional referido ao caso urbanístico Marina Atlántica [45749](#)



I 12513 - 4727 (11/PRE-001960)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis**

Sobre a necesidade de crear unha axencia de avaliación das políticas públicas

[45752](#)**I 12506 - 3430 (11/PRE-002214)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 4 máis**

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da implantación dunha unidade específica de xeriatría no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

[45755](#)**I 12522 - 5075 (11/PRE-002294)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre o número de persoas beneficiarias da Risga que deixaron de percibir por ser incompatible co ingreso mínimo vital e as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei de inclusión social de Galicia para facer compatibles esas prestacións, así como a reclamación da xestión dese ingreso

[45757](#)**I 12518 - 5107 (11/PRE-002296)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa denuncia referida á situación das persoas usuarias da residencia de persoas maiores de Salvaterra do Miño

[45760](#)**I 12529 - 5611 (11/PRE-002324)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e 2 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da intervención da residencia de maiores Doral-residencias de Mos, os parámetros ou o protocolo obxectivo existente para a toma de decisións á hora de intervir os centros de atención residencial cando hai contaxios polo SARS-CoV-2 e os medios humanos e materiais que se habilitan unha vez intervido o centro

[45764](#)**I 12534 - 5792 (11/PRE-002330)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis**

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia, desde a detección dos primeiros casos, para atallar o gromo de covid-19 na residencia Asilo de Vilalba e os motivos do seu alcance

[45768](#)**I 12537 - 6527 (11/PRE-002353)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da Rede galega de centros de protección de menores e as medidas adoptadas ou previstas para garantir o correcto funcionamento, así como o desenvolvemento, do proxecto educativo do centro Santo Anxo, no concello de Rábade

[45772](#)

I 12546 - 7508 (11/PRE-002386)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a consideración da Xunta de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tabletas con brazo articulado para pacientes coa capacidade de comunicación e movemento impedida e a situación do procedemento de actualización da carteira de servizos do Sergas

[45775](#)**I 12545 - 8918 (11/PRE-002502)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social para revertir a situación dos fogares galegos, o orzamento que vai destinar no ano 2021 para evitar a súa consolidación e as medidas que vai implementar ao respecto

[45777](#)**I 12544 - 9427 (11/PRE-002552)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 3 máis**

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da calidade do servizo de transporte marítimo de viaxeiros que se está a prestar na ría de Vigo e as medidas previstas para restituír o seu carácter público

[45780](#)**I 12543 - 9565 (11/PRE-002560)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre as modificacións introducidas na Lei do deporte de Galicia, a través da Lei 4/2021, de medidas fiscais e administrativas, en relación coas federacións deportivas

[45783](#)**I 12542 - 9744 (11/PRE-002600)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun plan específico de axudas directas para as empresas e entidades deportivas de Galicia abocadas a restricións e peche, como consecuencia das medidas sanitarias adoptadas fronte á covid-19

[45786](#)**I 12541 - 9895 (11/PRE-002634)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre o recoñecemento oficial do dereito das seleccións deportivas galegas a competir internacionalmente

[45789](#)**I 12540 - 10050 (11/PRE-002647)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 3 máis**

Sobre a covid-19 e os seus efectos no sector do deporte

[45791](#)

I 12539 - 10455 (11/PRE-002684)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2021 das actuacións de mellora da seguridade viaria necesarias na estrada PO-546, coñecida como a estrada vella Pontevedra-Marín

[45794](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 18 de marzo de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación con modificacións

- 4862 (11/PNC-000578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender as demandas da asociación QuerENDO. Mulleres con endometriose

BOPG nº 44, do 11.11.2020

Sométese a votación separada por alíneas:

Alíneas 2, 3, 4, 5, 6 e 9 da primeira parte do texto resolutivo: resultan aprobados pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

Alíneas 1, 7 e 8 da primeira parte do texto resolutivo: resultan rexeitados por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Alínea 1 da segunda parte do texto resolutivo: resulta aprobada por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

Alínea 2 da segunda parte do texto resolutivo: resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Crear as consultas específicas da endometriose en todas as áreas sanitarias (neste momento só existen na Coruña, Vigo e Ourense) e ampliar os tempos de atención nesas consultas.
2. Realizar as derivacións das endometrioses máis severas a unidades multidisciplinares alí onde non as haxa.
3. Levar a cabo campañas de divulgación da doenza.



4. Levar a cabo campañas de formación e actualización do persoal sanitario que está en contacto coas doentes (matronas, médicos de familia, enfermaría, xinecoloxía, anestesioloxía...)

5. Realizar atención diferenciada en fertilidade ás doentes de endometriose; no inmediato activar as consultas e tratamentos de reprodución, e dotalas de máis recursos, xa que o tempo corre en contra das mulleres que están nesas eternas listaxes de agarda.

6. Activar a actividade sanitaria tanto en Atención Primaria, consultas e cirurxías hospitalarias para garantir a atención necesaria para as mulleres que padecen endometriose.

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno español en demanda de inclusión dos tratamentos para a endometriose entre os financiados pola Seguridade Social.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 9104 (11/PNC-000949)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co xogo

BOPG nº 88, do 03.02.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Remitir á Cámara galega, coa maior brevidade, un proxecto de lei do xogo de Galicia que se fundamente, entre outras cuestións, en:

a) Potenciar as accións destinadas á prevención, co desenvolvemento de programas de prevención de condutas aditivas asociadas ao xogo e ás apostas.

b) Poñer especial atención nas medidas de control e acceso ao xogo e apostas para os máis mozos e mozas e menores de idade.

c) Limitar a difusión e promoción do xogo a través dos medios de comunicación, eliminando esta práctica nos medios públicos de Galicia.

2. Crear un observatorio galego do xogo que aborde, entre outras, as funcións de:

a) Elaborar un protocolo de actuación para evitar o xogo en menores.

b) Realizar un informe anual sobre o xogo en Galicia.



c) Facer un seguimento da aplicación da lexislación sobre xogo en vigor, e elaborar propostas de modificación, actualización e mellora do marco normativo.

3. Comprometer a consideración de maiores restricións que a hostalaría e outros locais e espazos de ocio no caso de existir, pola razón que sexa, a necesidade de tomar este tipo de decisións durante a pandemia ou outras causas sobrevidas.»

Rexeitamento da iniciativa

- 9339 (11/PNC-000971)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonso, Ramón e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas enfermidades profesionais na industria da pedra e do mármore
BOPG nº 91, do 10.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 11060 (11/PNC-001127)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións oportunas para a construción dunha residencia pública para persoas maiores no concello de Petín
BOPG nº 100, do 23.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 17 de marzo de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 5437 (11/PNC-000654)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a ampliación do programa de apoio á celebración do Ano Santo Xacobeo 2021
BOPG nº 52, do 25.11.2020

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno de España a ampliación do programa de apoio ao Xacobeo 2021 mediante desgravacións fiscais ata o 31 de decembro de 2023.»

- 8039 (11/PNC-000861)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia instando o Goberno de España a garantir a viabilidade da industria naval por medio do mecanismo de recuperación e resiliencia dos fondos Next Generation e a reclamación ante a Unión Europea da garantía do principio de igualdade na recepción das axudas

BOPG nº 82, do 26.01.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 3 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1. Que garanta a viabilidade e o financiamento da industria naval, a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dos Fondos Next Generation.

2. Que acompañe o sector na súa reclamación ante a Unión Europea para que vele por garantir o principio de igualdade e que as axudas doutros Estados membros se axusten ás directrices comunitarias.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 9621 (11/PNC-000994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa introdución de posibles cambios no actual mapa de xeodestinos turísticos de Galicia, a súa publicación e o desenvolvemento dun marco normativo para esas áreas

BOPG nº 91, do 10.02.2021

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 12878) e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, unha vez atendidas as consultas e achegas relativas á modificación do Mapa de Xeodestinos presentadas polas entidades locais, e segundo o artigo 23 da Lei de turismo de Galicia, após consulta aos concellos e entidades supramunicipais,



proceda á elaboración e publicación do mapa definitivo dos xeodestinos turísticos de Galicia, así como a que desenvolva un marco normativo que regule esta figura e a definición dos seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 11170 (11/PNC-001142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e tres deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas intencións de Iberdrola de trasladar a Salamanca o seu Centro de Operación de Conca do río Sil, situado no concello da Rúa, así como coa desaparición dos seus postos de traballo e progresivo desmantelamento dos seus servizos no territorio galego

BOPG nº 100, do 23.02.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Tomar todas aquelas medidas que sexan necesarias para evitar o traslado do Centro de Operación de Conca (COC) do río Sil radicado no concello da Rúa.

2. Cumprir o acordo da Comisión 6ª, do 5 de xuño de 2019, publicado no BOPG núm. 465, do 6 de xuño de 2019, que establece: "O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galicia a:

1. Expresar o seu compromiso con defender o mantemento dos postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras, así como no resto de Galicia, como compensación do impacto social que ten a produción enerxética do noso país.

2. Manter o diálogo e colaboración cos concellos das comarcas de Valdeorras e Trives e calquera outra institución galega comprometida nestes obxectivos.

3. Dirixirse á dirección de Iberdrola para esixirlle o mantemento dos postos de traballo e o freo ao progresivo desmantelamento dos servizos no territorio galego".»

Rexeitamento da iniciativa

- 11780 (11/PNC-001195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e dous deputados máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e a actuación que debe levar a cabo para paliar a situación económica que está a padecer o sector dos salóns de peiteado e de estética e barbarías

BOPG nº 105, do 03.03.2021



Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 16 de marzo de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 11743 (11/PNC-001189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións da autorización de ocupación do pantalán de embarcacións tradicionais outorgada ao Club Mariño A Reibo no peirao da Chousa, no concello de Poio, e o desenvolvemento nel de actividades de divulgación da mariña tradicional

BOPG nº 105, do 03.03.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Manter as condicións da autorización de ocupación do pantalán de embarcacións tradicionais que vén usando o Club Mariño A Reibo no peirao da Chousa desde 2011, eximindo, por tanto, este club do pagamento da taxa X5 ou que sexa bonificada no máximo legal. Para a aplicación desta exención ou bonificación terase en conta, con carácter provisional e mentres non se desenvolva o previsto no Decreto 52/2019, o censo de embarcacións tradicionais da Federación Cultural.
2. Adoptar as medidas oportunas para que no citado pantalán se poidan realizar en condicións de seguridade as actividades de divulgación que corresponden a una mariña tradicional.
3. Estender estas medidas a toda a rede de mariñas tradicionais en construción ou en proxecto na costa galega.
4. Desenvolver de maneira urxente e consensuada co sector o Decreto 52/2019, polo que se declaran bens de interese cultural do patrimonio inmaterial as técnicas construtivas de carpintaría de ribeira, en especial no que respecta ao órgano de xestión para as medidas de salvagarda, que será quen determine os criterios para elaborar o censo de embarcacións tradicionais.»



Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 10869 (11/PNC-001110)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co actual bloqueo da comercialización das capturas de marraxo

BOPG nº 100, do 23.02.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España que dea unha solución urxente ao bloqueo actual da comercialización das capturas de marraxo.»

Rexeitamento da iniciativa

- 3886 (11/PNC-000448)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a produtividade do banco marisqueiro dos Lombos do Ulla

BOPG nº 36, do 28.10.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 9676 (11/PNC-001000)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa falla de remuda xeracional no sector pesqueiro de Galicia

BOPG nº 91, do 10.02.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 16 de marzo de 2021, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:



- 12496 - 694 (11/PRE-000030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno en relación coas conclusións reflectidas no informe do Consello de Contas sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2010-2016

- 12499 - 2585 (11/PRE-000274)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da cobertura dos postos de pediatría vacantes nos concellos da comarca da Mariña e da dotación deste servizo nos do Valadouro e Alfoz

- 12501 - 3189 (11/PRE-000361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción dalgunha responsabilidade no proceso de fusión das caixas de aforro, o favorecemento da súa investigación e a valoración que fai da argumentación ao respecto inserida no auto da Audiencia Nacional referido ao caso urbanístico Marina Atlántica

- 12505 - 3431 (11/PRE-000395)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da implantación dunha unidade específica de xeriatría no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 12507 - 4649 (11/PRE-000564)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a xestión da Consellería de Política Social en relación cos centros de atención residencial con contaxios por covid-19, os parámetros obxectivos que está a seguir para intervir unha residencia afectada e as medidas da Xunta de Galicia para mellorar a situación existente na residencia de maiores de Cervo

BOPG n.º 46, do 13.11.2020

- 12509 - 4672 (11/PRE-000568)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos á concesión do teletraballo ordinario ao persoal da Xunta de Galicia desde o día 13 de marzo de 2020

- 12512 - 4728 (11/PRE-000575)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre a necesidade de crear unha axencia de avaliación das políticas públicas



- 12520 - 5076 (11/PRE-000607)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o número de persoas beneficiarias da Risga que deixaron de percibir por ser incompatible co ingreso mínimo vital e as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei de inclusión social de Galicia para facer compatibles esas prestacións, así como a reclamación da xestión dese ingreso

- 12516 - 5108 (11/PRE-000612)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa denuncia referida á situación das persoas usuarias da residencia de persoas maiores de Salvaterra do Miño

- 12526 - 5246 (11/PRE-000633)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para evitar o aumento da pobreza enerxética

- 12528 - 5612 (11/PRE-000677)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da intervención da residencia de maiores Doral-residencias de Mos, os parámetros ou o protocolo obxectivo existente para a toma de decisións á hora de intervir os centros de atención residencial cando hai contaxios polo SARS-CoV-2 e os medios humanos e materiais que se habilitan unha vez intervido o centro

- 12533 - 5685 (11/PRE-000687)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abelairas Rodríguez, María Isaura e 3 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto da situación na que se atopa o persoal de limpeza do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, a consecuencia do aumento das medidas de hixiene pola covid-19, e as súas intencións referidas á habilitación dunha partida orzamentaria para reforzar este persoal nos centros hospitalarios

- 12532 - 5716 (11/PRE-000689)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as razóns do expediente disciplinario presuntamente incoado a un profesional do Hospital de Verín e os datos referidos aos incoados desde novembro de 2019 no ámbito dos servizos de xinecoloxía e pediatría dese centro ou do Hospital de Ourense

- 12536 - 6528 (11/PRE-000756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da Rede galega de centros de protección de menores e as medidas adoptadas ou previstas para garantir o correcto funcionamento, así como o desenvolvemento, do proxecto educativo do centro Santo Anxo, no concello de Rábade

- 12497 - 693 (11/PRE-000806)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre os procesos de reordenación do sector público

- 12500 - 957 (11/PRE-000817)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o cumprimento da Lei de transparencia de Galicia

- 12503 - 3187 (11/PRE-001131)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as responsabilidades políticas e a investigación do proceso de fusión das caixas de aforro

- 12504 - 3433 (11/PRE-001157)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción da implantación dunha unidade especializada en xeriatria no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 12508 - 4647 (11/PRE-001326)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 2 máis
Sobre a actuación da Consellería de Política Social en relación cos contaxios por covid-19 detectados na residencia de maiores de Cervo

- 12511 - 4670 (11/PRE-001329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da concesión do teletraballo ordinario ao persoal ao seu servizo que o solicite, sempre que a súa presenza non sexa imprescindible

- 12514 - 4726 (11/PRE-001337)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de crear unha axencia de avaliación das políticas públicas

- 12515 - 5110 (11/PRE-001378)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 3 máis



Sobre as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para garantir os dereitos fundamentais e a debida atención e asistencia ás persoas usuarias da residencia de persoas maiores de Salvaterra do Miño

- 12524 - 5249 (11/PRE-001392)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para evitar que a denominada pobreza enerxética aumente de xeito radical en Galicia no contexto da covid-19

- 12531 - 5554 (11/PRE-001425)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir o dereito de acceso á oferta financeira de toda a cidadanía galega, diante do escenario de exclusión que está a padecer a consecuencia dos procesos de concentración bancaria

- 12530 - 5610 (11/PRE-001434)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da intervención da residencia de maiores Doral-residencias de Mos, por causa do número de contaxios polo SARS-CoV-2 que rexistra

- 12538 - 6537 (11/PRE-001505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas e condicións de mobilidade que vén padecendo a poboación da ribeira do encoro de Portodemouros, nomeadamente a das parroquias de Loño e Beigondo

- 12510 - 4671 (11/PRE-001598)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os datos referidos á concesión do teletraballo ordinario ao persoal da Xunta de Galicia desde o día 13 de marzo de 2020

- 12535 - 6513 (11/PRE-001611)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre as actuacións previstas pola Secretaría Xeral para o Deporte para mellorar as infraestruturas e os equipamentos deportivos na provincia de Ourense e, en particular, no concello de Ourense

- 12527 - 5244 (11/PRE-001780)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis



Sobre as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para evitar o aumento da pobreza enerxética de xeito radical en Galicia no contexto da covid-19

- 12498 - 691 (11/PRE-001922)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración e as actuacións previstas polo Goberno en relación coas conclusións reflectidas no informe do Consello de Contas sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2010-2016

- 12502 - 3188 (11/PRE-001946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da asunción dalgunha responsabilidade no proceso de fusión das caixas de aforro, o favorecemento da súa investigación e a valoración que fai da argumentación ao respecto inserida no auto da Audiencia Nacional referido ao caso urbanístico Marina Atlántica

- 12513 - 4727 (11/PRE-001960)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre a necesidade de crear unha axencia de avaliación das políticas públicas

- 12506 - 3430 (11/PRE-002214)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 4 máis

Sobre as intencións do Goberno galego respecto da implantación dunha unidade específica de xeriatría no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

- 12522 - 5075 (11/PRE-002294)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o número de persoas beneficiarias da Risga que deixaron de percibir por ser incompatible co ingreso mínimo vital e as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei de inclusión social de Galicia para facer compatibles esas prestacións, así como a reclamación da xestión dese ingreso

- 12518 - 5107 (11/PRE-002296)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a xestión do Goberno galego en relación coa denuncia referida á situación das persoas usuarias da residencia de persoas maiores de Salvaterra do Miño

- 12529 - 5611 (11/PRE-002324)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis



Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da intervención da residencia de maiores Doral-residencias de Mos, os parámetros ou o protocolo obxectivo existente para a toma de decisións á hora de intervir os centros de atención residencial cando hai contaxios polo SARS-CoV-2 e os medios humanos e materiais que se habilitan unha vez intervido o centro

- 12534 - 5792 (11/PRE-002330)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 3 máis

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia, desde a detección dos primeiros casos, para atallar o gromo de covid-19 na residencia Asilo de Vilalba e os motivos do seu alcance

- 12537 - 6527 (11/PRE-002353)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da Rede galega de centros de protección de menores e as medidas adoptadas ou previstas para garantir o correcto funcionamento, así como o desenvolvemento, do proxecto educativo do centro Santo Anxo, no concello de Rábade

- 12546 - 7508 (11/PRE-002386)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a consideración da Xunta de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tabletas con brazo articulado para pacientes coa capacidade de comunicación e movemento impedida e a situación do procedemento de actualización da carteira de servizos do Sergas

BOPG n.º 80, do 21.01.2021

- 12545 - 8918 (11/PRE-002502)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social para reverter a situación dos fogares galegos, o orzamento que vai destinar no ano 2021 para evitar a súa consolidación e as medidas que vai implementar ao respecto

- 12544 - 9427 (11/PRE-002552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 3 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da calidade do servizo de transporte marítimo de viaxeiros que se está a prestar na ría de Vigo e as medidas previstas para restituír o seu carácter público

- 12543 - 9565 (11/PRE-002560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as modificacións introducidas na Lei do deporte de Galicia, a través da Lei 4/2021, de medidas fiscais e administrativas, en relación coas federacións deportivas



- 12542 - 9744 (11/PRE-002600)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun plan específico de axudas directas para as empresas e entidades deportivas de Galicia abocadas a restricións e peche, como consecuencia das medidas sanitarias adoptadas fronte á covid-19

- 12541 - 9895 (11/PRE-002634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre o recoñecemento oficial do dereito das seleccións deportivas galegas a competir internacionalmente

- 12540 - 10050 (11/PRE-002647)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre a covid-19 e os seu efectos no sector do deporte

- 12539 - 10455 (11/PRE-002684)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2021 das actuacións de mellora da seguridade viaria necesarias na estrada PO-546, coñecida como a estrada vella Pontevedra-Marín

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:11:53
Nº Rexistro: 12496

Data envío: 11/03/2021 10:11:53.725

Data 11/03/2021 10:11

galiçia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 694**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración e as actuacións previstas polo Goberno en relación coas conclusións reflectidas no informe do Consello de Contas sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2010-2016”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A reestruturación do sector público e o proceso de avaliación das entidades dependentes estiveron na axenda do Goberno galego dende o primeiro momento. Así desde 2009 analizáronse as entidades e se fixo unha avaliación específica en materia de persoal:

- No ano 2009 a Xunta de Galicia comezou a revisar e a avaliar o funcionamento de 64 entidades públicas que tiña adscritas.
- Posteriormente, no ano 2011, realizouse unha nova auditoría sobre un segundo bloque de entes de moi diversa natureza, orixe, tipoloxía y adscrición orgánica.
- E no ano 2013, comezou a terceira fase do proceso de racionalización da administración instrumental, co inicio dos traballos de avaliación previa dos 32 entes que restaba por avaliar

Como resultado desas avaliacións aprobáronse 3 Plans:

- I Plan foi aprobado polo Consello da Xunta o 22 de abril de 2010 e concluíu co acordo de extinción de 42, a refundición noutros entes de 3, a reordenación ou reformulación de 2, a separación da Xunta de 1 deles e a mellora no funcionamento e organización de 16 entes que continúan existindo.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:11:53
Nº Rexistro: 12496
Data envío: 11/03/2021 10:11:53.725

galicia

• II Plan foi finalmente aprobado polo Consello da Xunta o 16 de febreiro de 2012 e iniciou a súa execución por acordo do 26 de abril de 2012. Este segundo Plan contempla a supresión –por vía de extinción, separación ou refundición– de 25 organismos, sendo os 30 restantes sometidos a medidas de reformulación ou de mellora.

• III Plan foi aprobado o 11 de setembro de 2014 e concluíu co acordo de baixa de 13 entidades e de mantemento dos 19 restantes con aplicación de medidas e recomendacións de mellora.

En total, a través das tres fases activadas e das operacións puntuais realizadas a marxe dos plans está a actuarse sobre 160 entidades, con mandato de supresión sobre 97 entes e de mellora sobre 63, converténdose así Galicia na primeira Comunidade en revisar e someter a exame todos os entes instrumentais no noso sector público autonómico.

Case o 80 por cento das medidas de eficiencia recomendadas polos auditores da Xunta de Galicia xa foron implantadas nos organismos que seguen funcionando.

En relación co rexistro de entidades a Xunta de Galicia está a traballar nun proceso de homoxeneización de criterios co inventario de entes do Ministerio de Facenda para rematar o rexistro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:11:53
Nº Rexistro: 12496
Data envío: 11/03/2021 10:11:53.725

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:11:49

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:12:40
Nº Rexistro: 12499
Data envío: 11/03/2021 10:12:40.303
Data 11/03/2021 10:12

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 2585**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da cobertura dos postos de pediatría vacantes nos concellos da comarca da Mariña e da dotación deste servizo nos do Valadouro e Alfoz”**, (publicada no BOPG número 28 do 9 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi respostada polo DX de Asistencia Sanitaria na comisión 5ª celebrada o pasado 18 de febreiro, na resposta á pregunta 2585.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-02-18--1?part=d38a8b4a-6b54-4ecc-8ebe-3fceb778a4a6&start=7685> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:12:40
Nº Rexistro: 12499
Data envío: 11/03/2021 10:12:40.303

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:12:36

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:12
Nº Rexistro: 12501

Data envío: 11/03/2021 10:13:12.568

Data 11/03/2021 10:13

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3189**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da asunción dalgunha responsabilidade no proceso de fusión das caixas de aforro favorecendo asemade a súa investigación e a valoración que fai da argumentación ao respecto inserida no Auto da Audiencia Nacional referido ao caso urbanístico Marina Atlántica”**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A crise financeira provocou unha importante reestruturación no sector bancario en toda a UE, con perda de entidades e procesos de concentración en toda Europa: O propio Banco Central Europeo publicaba en outubro de 2017 un informe que sinalaba que o proceso de consolidación no sector bancario cobrouse, dende o inicio da crise financeira do ano 2008, a desaparición dun 25% dos bancos europeos.

En España, a reestruturación do sistema bancario supuxo a practica desaparición das caixas de aforros, das 45 caixas que existían en 2008 unicamente subsisten dúas como tal, quedando reducido o numero de entidades financeiras que operan en España a pouco mais dunha decena.

Galicia viuse fortemente afectados por este proceso de reestruturación bancaria, con tres episodios directamente relacionados coa nosa Comunidade, e que transformou por completo a configuración do mapa bancario galego.

A pesar de todo, Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que presenta no seu mapa bancario unha entidade financeira con sede en Galicia, co seu centro de decisión en Galicia e coa súa actividade e negocio centrado en Galicia.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:12
Nº Rexistro: 12501
Data envío: 11/03/2021 10:13:12.568

galicia

Desde a Xunta de Galicia sempre estivemos, estamos e estaremos comprometidos a defender e traballar, dentro das nosas competencias, a prol de todas aquelas iniciativas que implican manter entidades financeiras radicadas en Galicia, manter o emprego e a actividade financeira en Galicia.

Neste sentido, a Xunta de Galicia seguirá a colaborar, tal e como fixo dende o primeiro momento, co Parlamento de Galicia poñendo a disposición da Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financiera das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, toda a información solicitada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:12
Nº Rexistro: 12501
Data envío: 11/03/2021 10:13:12.568

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:13:09

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:55
Nº Rexistro: 12505

Data envío: 11/03/2021 10:13:55.693

Data 11/03/2021 10:13



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 3431**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da implantación dunha unidade específica de xeriatria no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 34 do 22 de outubro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi respondida polo conselleiro de Sanidade no pleno celebrado o 27 de xaneiro de 2021 na resposta á pregunta con número de rexistro 7350.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-01-27?part=3428852a-55e2-4854-a228-729bdd44266e&start=34175>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:55
Nº Rexistro: 12505
Data envío: 11/03/2021 10:13:55.693

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:13:50

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:24
Nº Rexistro: 12507

Data envío: 11/03/2021 10:14:24.756

Data 11/03/2021 10:14

galiCiá

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4649**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión da Consellería de Política Social en relación cos centros de atención residencial con contaxios por covid-19, os parámetros obxectivos que está a seguir para intervir unha residencia afectada e as medidas da Xunta de Galicia para mellorar a situación existente na residencia de maiores de Cervo”**, (publicada no BOPG número 46 do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:24
Nº Rexistro: 12507
Data envío: 11/03/2021 10:14:24.756

galicia

marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas e, por outra, a intervención en centros residenciais.

Cando se detecte un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:24
Nº Rexistro: 12507
Data envío: 11/03/2021 10:14:24.756

galicia

Cando o/a xerente ou persoa en quen delegue da área sanitaria aprecia que unha residencia das que está a tutelar reúne criterios para a intervención, deberá elevar un informe aos conselleiros de Sanidade e Política Social. Valorado o informe, os conselleiros deberán asinar unha resolución de intervención que se entregará á dirección da residencia e á entidade, sociedade ou persoa que exerza a súa titularidade.

No que respecta á residencia de maiores San Cibrao no concello de Cervo, o Goberno galego seguiu con atención a evolución dos casos no centro. Non foi precisa a súa intervención e a día de hoxe non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:24
Nº Rexistro: 12507
Data envío: 11/03/2021 10:14:24.756

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:14:17

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:55
Nº Rexistro: 12509

Data envío: 11/03/2021 10:14:55.662

Data 11/03/2021 10:14

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4672**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **“os datos referidos á concesión do teletraballo ordinario ao persoal da Xunta de Galicia desde o día 13 de marzo de 2020”**, (publicada no BOPG número 46 do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia desenvolveu un proceso de negociación cas organizacións sindicais que culminou coa aprobación dun acordo coa organización sindical GIG para a implantación do novo réxime de teletraballo dos empregados públicos na Administración galega publicado no DOG o pasado 7 de xaneiro.

Este acordo, pioneiro en España, equilibra as posibilidades de prestación de servizo por parte dos empregados públicos fóra das dependencias da Administración coa necesidade de manter un bo servizo á cidadanía que en ningún caso se debe deter pola pandemia.

A Xunta de Galicia o que ven de facer é implantar a modalidade do teletraballo acordada é manter os servizos públicos en funcionamento para evitar que a pandemia prexudique na prestación dos mesmos.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:55
Nº Rexistro: 12509
Data envío: 11/03/2021 10:14:55.662

galicia

O teletraballo é unha modalidade de prestación de servizos e debe desenvolverse sempre garantindo que a administración segue funcionando e prestando servizos a cidadanía. Isto non sería posible se se actuase concedéndolle a todos os que o piden o teletraballo e quedando ao arbitrio dos funcionarios dita posibilidade, pois dita modalidade hai que organizala e xestionala”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:55
Nº Rexistro: 12509
Data envío: 11/03/2021 10:14:55.662

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:14:51

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:34
Nº Rexistro: 12512

Data envío: 11/03/2021 10:15:34.725

Data 11/03/2021 10:15

galiçia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 4728**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a necesidade de crear unha axencia de avaliación das políticas públicas**”, (publicada no BOPG número 46 do 13 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A avaliación das políticas públicas é unha das ferramentas necesarias nun sistema de gobernanza moderna e por elo o goberno galego, dende o 2009, ven realizando políticas activas de avaliación a través da D.X de Avaliación e Reforma Administrativa que conta no seu cadro de persoal con profesionais auditores e analistas de competencia mais que probada ao longo dos anos de desempeño neste centro directivo.

Como resultado desas avaliacións aprobáronse ao longo destes anos 3 Plans:

- I Plan foi aprobado polo Consello da Xunta o 22 de abril de 2010 e concluíu co acordo de extinción de 42, a refundición noutros entes de 3, a reordenación ou reformulación de 2, a separación da Xunta de 1 deles e a mellora no funcionamento e organización de 16 entes que continúan existindo.
- II Plan foi finalmente aprobado polo Consello da Xunta o 16 de febreiro de 2012 e iniciou a súa execución por acordo do 26 de abril de 2012. Este segundo Plan contempla a supresión –por vía de extinción, separación ou refundición– de 25 organismos, sendo os 30 restantes sometidos a medidas de reformulación ou ben de mellora.
- III Plan foi aprobado o 11 de setembro de 2014 e concluíu co acordo de baixa de 13





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:34
Nº Rexistro: 12512
Data envío: 11/03/2021 10:15:34.725

galicia

entidades e de mantemento dos 19 restantes con aplicación de medidas e recomendacións de mellora.

En total, a través das tres fases activadas e das operacións puntuais realizadas a marxe dos plans está a actuarse sobre 160 entidades, con mandato de supresión sobre 97 entes e de mellora sobre 63, converténdose así Galicia na primeira Comunidade en revisar e someter a exame todos os entes instrumentais no noso sector público autonómico.

Case o 80 por cento das medidas de eficiencia recomendadas polos auditores da Xunta de Galicia xa foron implantadas nos organismos que seguen funcionando.

Estes traballos poñen de manifesto que xa existe unha política de avaliación de políticas públicas e que ademais se veu reforzada co sistema de avaliación previsto no Plan Estratéxico de Galicia.

O goberno galego estivo, está e seguirá a traballar continuamente na planificación e mellora dos servizos públicos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:34
Nº Rexistro: 12512
Data envío: 11/03/2021 10:15:34.725

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:15:30

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:58
Nº Rexistro: 12520

Data envío: 11/03/2021 10:16:58.381

Data 11/03/2021 10:16

galiçia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 5076**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de persoas beneficiaras da Risga que deixaron de percibila por ser incompatible co ingreso mínimo vital e as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei de inclusión social de Galicia para facer compatibles esas prestacións, así como a reclamación da xestión dese ingreso”**, (publicada no BOPG número 50 do 20 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está xa a traballar na reforma da Lei de Inclusión Social de Galicia, en estreita colaboración coas entidades e os profesionais que traballan no sector.

O obxectivo principal da reforma é adaptar a Renda de inclusión social de Galicia (Risga) e as Axudas de Inclusión Social (AIS) ao novo contexto xurdido coa posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital (IMV), e así mesmo apostarase pola simplificación e a redución da burocracia, co fin de que a tramitación destas axudas sexa o máis rápida e áxil posible.

No marco dos ditos traballos contemplárase a creación de programas e complementos que poidan apoiar ás persoas perceptoras do IMV no seu proceso de inclusión social activa, toda vez que nesta prestación unicamente se proporciona apoio de carácter económico básico.

En Galicia ata o mes de xaneiro de 2021 extinguíronse 1.802 RISGAS por ter os seus beneficiarios accedido ao IMV. Cómpre destacar que nesta Comunidade non se extingue a RISGA polo feito de cumprir os requisitos para acceder ao IMV nin de telo solicitado, senon unicamente cando se ten constancia da concesión efectiva do IMV, e





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:58
Nº Rexistro: 12520
Data envío: 11/03/2021 10:16:58.381

galicia

sempre que o importe desta última prestación sexa superior ao das PNCs e a aquel que, de conformidade coa normativa, permitiría percibir unha RISGA complementaria.

Esto é especialmente importante tendo en conta que a normativa reguladora do IMV non está configurada de xeito definitivo todavía, e a resolución das axudas está a sufrir un atraso considerable, polo que o obxectivo da comunidade autónoma de Galicia é que ningunha persoa quede desasistida.

A Xunta de Galicia xa ten solicitado formalmente en distintas ocasións asumir a xestión do ingreso mínimo vital (IMV) en Galicia, do mesmo xeito que se está asumindo dende hai moitos anos a xestión das pensións non contributivas, e en base á experiencia na tramitación destas e da renda mínima autonómica.

As condicións da transferencia de dita xestión deberán negociarse co Goberno do Estado, e no marco dos instrumentos de coordinación existentes a nivel estatal para tratar a materia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:58
Nº Rexistro: 12520
Data envío: 11/03/2021 10:16:58.381

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:16:54

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:41
Nº Rexistro: 12516

Data envío: 11/03/2021 10:16:41.709

Data 11/03/2021 10:16

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 5108**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coa denuncia referida á situación das persoas usuarias da residencia de persoas maiores de Salvaterra do Miño”**, (publicada no BOPG número 50 do 20 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Sempre que nalgunha residencia estivo en perigo a calidade asistencial, a Xunta de Galicia actuou, e o criterio foi exclusivamente sanitario.

Deste xeito, con data do 27 de outubro do 2020 ditouse a resolución de intervención pública da residencia de maiores de Salvaterra do Miño á vista do elevado número de residentes positivos en Covid-19 no dito centro, momento a partir do cal se efectúa a achega de persoal por parte do Servizo Galego de Saúde e da consellería de Política Social. En canto esta última sinalar que se contrataron 25 auxiliares de enfermería.

Por outra parte a situación sanitaria das persoas residentes foi obxecto de control e seguimento continuado polo persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde durante a intervención. En canto ás medidas inspectoras e sancionadoras adoptadas débese ter en conta que de acordo coa lexislación aplicable é preciso manter a reserva en relación aos expedientes de inspección sancionadores non firmes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:41
Nº Rexistro: 12516
Data envío: 11/03/2021 10:16:41.709

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:16:37

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:17:32
Nº Rexistro: 12526

Data envío: 11/03/2021 10:17:32.193

Data 11/03/2021 10:17



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 5246**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para evitar o aumento da pobreza enerxética”**, (publicada no BOPG número 50 do 20 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xunta de Galicia estamos axudando aos fogares con menos recursos que non poden facer fronte ao recibo da luz a través do bono eléctrico galego. De feito, este ano 2021 destínanse inicialmente 1,3 millóns de euros coa posibilidade de incrementar o orzamento en caso de que fose necesario dado que o obxectivo é garantir o acceso a unha necesidade tan básica como é a enerxía eléctrica e que non se produzan cortes na subministración para as familias máis vulnerables.

Cómpre recordar que Galicia foi pioneira na posta en marcha desta liña de axudas no ano 2018 tras a aprobación da Lei 7/2017 de eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica, sendo a única Comunidade que conta cun mecanismo destas características. Desde entón concedéronse 9.752 axudas por algo máis de 3 millóns de euros. Antes, a Administración autonómica galega contaba co ticket eléctrico e con axudas para evitar os cortes de subministración das que se beneficiaron entre 2014 e 2017 máis de 12.500 familias.

Por outra banda, mencionar que un total de 87.076 familias galegas benefíciense do Bono Social Térmico este ano. A Xunta de Galicia, a través do Inega, distribuirá 6,3 millóns de euros transferidos polo Ministerio para la Transición Ecolóxica y Reto Demográfico coa fin de compensar os gastos económicos dos consumidores máis vulnerables polo uso de calefacción, auga quente ou cociña.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:17:32
Nº Rexistro: 12526
Data envío: 11/03/2021 10:17:32.193

galicia

Así mesmo, a Consellería de Política Social dispón de instrumentos de planificación estratéxica das medidas dirixidas ás persoas que mais o necesitan.

En concreto as medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, encádranse, a efectos de planificación estratéxica, na Estratexia Social de Inclusión de Galicia e na Axenda Social Única de Galicia. Dentro destes instrumentos existen medidas que pretenden paliar o problema da pobreza enerxética, e que de xeito específico desenvolve principalmente a consellería de Economía, Empresa e Innovación, mais alá das medidas de carácter xeral coas que conta a consellería de Política Social para abordar a loita contra a pobreza.

Así mesmo, engádesse que a consellería de Política Social dispón, entre outras tipoloxías, de Axudas de Inclusión Social (AIS) vinculadas ao uso da vivenda, que se conceden para o pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas da vivenda, como son os gastos de auga, luz e outros necesarios para poder continuar habitando a vivenda.

Destácase neste senso que o orzamento destinado ás Axudas de Inclusión Social (AIS) incrementouse nun 35% con respecto ao ano pasado, acadando os 4,5 millóns de euros no presente exercicio 2021”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:17:32
Nº Rexistro: 12526
Data envío: 11/03/2021 10:17:32.193

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:17:28

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:18:02
Nº Rexistro: 12528

Data envío: 11/03/2021 10:18:02.303

Data 11/03/2021 10:17

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 5612**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da intervención da residencia de maiores Doral residencias de Mos, os parámetros ou o protocolo obxectivo existente para a toma de decisións á hora de intervir os centros de atención residencial cando hai contaxios por covid-19, e os medios humanos e materiais que se habilitan unha vez intervido o centro”**, (publicada no BOPG número 52 do 25 de novembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas *medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio* e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:18:02
Nº Rexistro: 12528
Data envío: 11/03/2021 10:18:02.303

galicia

marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a **Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social** acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de **Residencias Integradas** para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19 nos casos recollidos a continuación e, por outra, a intervención en centros residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos, nas residencias con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención do brote, no seu caso, motivo polo que estas residencias denomínanse **Residencias Intervidas** ou 'con expediente de intervención', de acordo coa terminoloxía empregada polo Goberno central.

Cando se detecte un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:18:02
Nº Rexistro: 12528
Data envío: 11/03/2021 10:18:02.303

galicia

residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.

Cando o/a xerente ou persoa en quen delegue da área sanitaria aprecia que unha residencia das que está a tutelar reúne criterios para a intervención, deberá elevar un informe aos conselleiros de Sanidade e Política Social. Valorado o informe, os conselleiros deberán asinar unha resolución de intervención que se entregará á dirección da residencia e á entidade, sociedade ou persoa que exerza a súa titularidade.

No que respecta a Doral Residencia de Mos, non foi precisa a súa intervención xa que contaba con todos os medios humanos e materiais necesarios e tamén con profesionais do ámbito sanitario para facer fronte á situación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:18:02
Nº Rexistro: 12528
Data envío: 11/03/2021 10:18:02.303

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:17:58

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 5685**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia , a iniciativa de dona Isaura Abelairas Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego respecto da situación na que se atopa o persoal de limpeza do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, a consecuencia do aumento das medidas de hixiene pola covid-19, e as súas intencións referidas á habilitación dunha partida orzamentaria para reforzar este persoal nos centros hospitalarios”**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Limpeza é un dos servizos non clínicos pertencentes ao Contrato de Concesión de Obras Públicas del ‘Nuevo Hospital de Vigo’ para la redacción del proyecto técnico, financiación, construcción, y explotación de determinados servicios no clínicos del Complejo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI), Expediente AB-SER3-10-016’.

A Sociedade Concesionaria do Novo Hospital Vigo (en adiante SCNHV) foi a empresa adxudicataria deste contrato de concesión.

O Servizo de Limpeza comprende todo o perímetro concesional, sendo o seu obxecto a xestión integral da limpeza ambiental en tódalas instalacións, centros e espazos do CHUVI, en particular o Hospital Álvaro Cunqueiro, o Hospital do Meixoeiro e o Hospital Nicolas Peña, mediante a conservación dos Módulos Unitarios de Limpeza (en diante MUL) en perfecto estado en términos de hixiene e estética.

A organización e xestión do Servizo, tanto no ámbito dos Recursos Humanos, como no ámbito dos Recursos Materiais, é competencia da SCNHV, e a tal efecto ten subcontratado a empresa Acciona Facility Services.

Consonte a cláusula ‘26.3.1. del Pliego de Condiciones Administrativas Particulares





(en diante PCAP) es obligación del contratista disponer de personal en numero suficiente y dotado de la formación adecuada para ejercer de forma continuada y puntal, los servicios que constituyen el objeto del presente contrato.'

Conforme a cláusula 25 del PCAP 'Relaciones entre la Administración e o Concesionario: Órganos de Control', xa están definidas una serie de figuras para realizar o seguimento do Contrato: Comisión Mixta, Xerente do Servizo Gallego de Saúde (en diante SERGAS), Responsable do Seguimento da Explotación, Unidade de Supervisión e Control da Administración e o Interventor Técnico.

En virtude do anterior, a pesares de que o persoal do servizo de limpeza non depende directamente da Administración, esta si dispón de información sobre esta materia, xa que consonte a cláusula mencionada ten dereito ao acceso permanente a toda a documentación ou arquivos relativos a calquera operación relacionada coas actividades realizadas polo Concesionario, sen prexuízo da obriga deste de cooperar baixo o principio de boa fe e sen reservas de ningún tipo.

Conforme a cláusula 14.10. 'Coordinación e Comunicación' do Prego de Prescricións Técnicas (en diante PPT) a Administración trasladou á SCNHV tanto previamente, como durante a pandemia, a información precisa para a correcta xestión das súas responsabilidades atendendo as diferentes circunstancias asistenciais que poidan ter afectación na execución do Contrato Concesional.

A SCNHV dispón de xeito continuado da información necesaria para xestionar e mobilizar os recursos necesarios para correcta prestación de tódolos servizos non clínicos obxecto da concesión, entre os que se atopan, aparte do Servizo non Clínico de Limpeza, os Servizos non Clínicos de Lavandería&Lencería, de Restauración, de Mantemento Xeral, de Mantemento de Electromedicina, de DDD, así como seis máis, aos que deben engadirse as nove explotacións comerciais que tamén explota.

Conforme ao anterior a SCNHV ao longo de todo o período que comprende a pandemia adaptou as súas prestacións as necesidades do CHUVI, ampliando os medios humanos e materias que foron precisos en cada un dos Servizos non Clínicos





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:19:34
Nº Rexistro: 12533
Data envío: 11/03/2021 10:19:34.850

en función dos seus coñecementos técnicos e dos requirimentos trasladados pola Administración.

No caso do Servizo de Limpeza, xa dende o mes de marzo, a SCNHV reforzou os medios humanos coa incorporación de 26 persoas e tamén con reforzo de medios e materiais.

Esta situación de adaptación dos medios humanos e materiais aos requirimentos de xestión da Pandemia mantivéronse ao longo de todo o período.

O contrato concesional é un contrato de fins, non de medios, e é responsabilidade da SCNHV, como así o fai, adaptar ás prestacións dos Servizos non Clínicos e das Explotacións Comerciais que xestiona as circunstancias cambiantes da execución do contrato concesional.

A situación especial producida polo COVID-19 incrementou significativamente a cantidade de residuos producidos e consecuentemente a necesidade dos contedores necesarios para a súa xestión, situación que non é exclusiva de Galicia, xerou a nivel nacional dificultades de abastecemento dos contedores ríxidos no mercado, ademais de dificultade dos xestores externos para atender en tempo o tratamento dos residuos que se trasladan.

En vista desta situación, que no só afecta a todas as áreas sanitarias de Galicia senón tamén a todo o territorio nacional, a Xerencia do Servizo Galego de Saúde estableceu novas alternativas amparándose na Orde SND 271/2020, de 19 de marzo, modificada pola orde 445/2020 de 26 de Mayo, pola que se establecen instrucións sobre a xestión de residuos na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Na actualidade tamén é de aplicación a disposición adicional segunda do Real Decreto 646/2020, de 7 de xullo.

Neste senso, a Instrución Xestión de residuos COVID-19 Servizo Galego de Saúde.' que establece as distintas formas nas que se poden recoller os residuos xerados pola atención a pacientes COVID-19, en virtude do cal ademais dos envases citados no





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:19:34
Nº Rexistro: 12533
Data envío: 11/03/2021 10:19:34.850

Decreto 38/2015 tamén se poden utilizar bolsas+caixa de cartón nunha situación especial como é a do COVID-19. Tamén se anexan as homologacións dos envases para a recollida dos residuos.

A Administración, consonte o contrato concesional, vai continuar levando a cabo as labores de inspección, vixilancia e control da actividade desenvolvida polo concesionario na prestación dos servizos non clínicos encomendados, e en concreto, do exacto cumprimento das obrigas e dos deberes nos términos previstos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:19:34
Nº Rexistro: 12533
Data envío: 11/03/2021 10:19:34.850

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:19:30

CSV: BOPGDSPGDQcItpCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:19:25
Nº Rexistro: 12532
Data envío: 11/03/2021 10:19:25.818
Data 11/03/2021 10:19

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 5716**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do expediente disciplinario presuntamente incoado a un profesional do Hospital de Verín e os datos referidos aos incoados desde novembro de 2019 no ámbito dos servizos de xinecoloxía e pediatría dese centro ou do Hospital de Ourense”**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta oral número 5717 que tivo lugar no pleno do 10 de decembro de 2020.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2020-12-10?part=77ff916f-3ac3-4637-a1e7-75b112f4183e&start=9058> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:19:25
Nº Rexistro: 12532
Data envío: 11/03/2021 10:19:25.818

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:19:21

CSV: BOPGDSPGDQcjpCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 6528**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da Rede galega de centros de protección de menores e as medidas adoptadas ou previstas para garantir o correcto funcionamento, así como o desenvolvemento, do proxecto educativo do centro Santo Anxo, no concello de Rábade”**, (publicada no BOPG número 67 do 23 de decembro de 2020), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“É importante informar que non existen problemas de xestión nos centros de menores de Galicia. Ao contrario, nestes centros, os nenos, nenas e adolescentes así como os profesionais que prestan servizos neles, foron e son un exemplo de convivencia nos difíciles momentos que atravesamos, nos que pese ao confinamento e a imposibilidade de realizar visitas e saídas coas familias biolóxicas asumiron a situación e manifestaron un comportamento exemplar nesta crise.

Así mesmo, os profesionais que prestan servizos nestes centros souberon xestionar a suspensión das actividades escolares e extraescolares e realizaron con profesionalidade unha labor intensa para dar cobertura ás situacións extremas vividas dende marzo de 2020.

Pola súa parte, o Centro de menores Santo Anxo da Garda, de Rábade é un centro residencial de protección de menores, coa tipoloxía de centro de reeducación e cunha capacidade de 32 prazas. Nel préstase acollemento residencial a persoas menores de idade que se atopan baixo a garda ou a tutela da administración pública, por provir dunha situación de risco ou de desamparo no seu núcleo familiar. Dentro deste perfil, os usuarios deste centro son mozos e mozas normalmente de 14 anos ou mais, que requiren dunha intervención especializada por presentar problemas de conduta, actitudes violentas, falta de acatamento das normas, etc, que desaconsellan a súa convivencia con nenos e nenas mais pequenos noutros centros residenciais de ambiente mais familiar.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:22:36
Nº Rexistro: 12536
Data envío: 11/03/2021 10:22:36.300

O perfil dos menores necesitados de protección administrativa foi cambiando e é cada vez maior o número de nenos, nenas e adolescentes que, en idades cada vez máis temperás, manifestan un carácter violento e conflitivo, con sintomatoloxía psiquiátrica, aos que se dá resposta desde toda a rede de recursos de protección.

Neste sentido, os mozos e mozas residentes no centro Santo Anxo da Garda de Rábade requiren de atención sanitaria e psicolóxica específica e non exclusivamente educativa. Por isto, nos últimos tempos adoptáronse distintas medidas para dar cobertura ás necesidades dos menores residentes e facilitar o traballo dos profesionais que prestan servizo neste centro: reforzouse o cadro de persoal do centro coa incorporación dun psicólogo e un traballador social e un reforzo continuado de persoal educador e de seguridade. Ampliouse a formación dos traballadores e actualizáronse os itinerarios educativos e de integración social para as rapazas e os rapaces do centro.

Tamén cómpre destacar a mellora nas instalacións do centro, nas zonas comúns e nos fogares e no eido da videovixilancia. De feito, nos últimos dous anos a Xunta de Galicia investiu máis de 300.000 euros en obras para mellorar a infraestrutura.

Todas estas medidas, teñen como finalidade mellorar a atención dos mozos e mozas en acollemento residencial no centro Santo Anxo da Garda de Rábade e tamén acadar unha mellora na intervención educativa realizada polos profesionais que prestan servizos neste centro, a través do apoio profesional e especializado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:22:36
Nº Rexistro: 12536
Data envío: 11/03/2021 10:22:36.300

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:22:31

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:12:02
Nº Rexistro: 12497
Data envío: 11/03/2021 10:12:02.568
Data 11/03/2021 10:11

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 693**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os procesos de reordenación do sector público”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A reestruturación do sector público e o proceso de avaliación das entidades dependentes estiveron na axenda do Goberno galego dende o primeiro momento. Así desde 2009 analizáronse as entidades e se fixo unha avaliación específica en materia de persoal:

- No ano 2009 a Xunta de Galicia comezou a revisar e a avaliar o funcionamento de 64 entidades públicas que tiña adscritas.
- Posteriormente, no ano 2011, realizouse unha nova auditoría sobre un segundo bloque de entes de moi diversa natureza, orixe, tipoloxía y adscrición orgánica.
- E no ano 2013, comezou a terceira fase do proceso de racionalización da administración instrumental, co inicio dos traballos de avaliación previa dos 32 entes que restaba por avaliar

Como resultado desas avaliacións aprobáronse 3 Plans:

- I Plan foi aprobado polo Consello da Xunta o 22 de abril de 2010 e concluíu co acordo de extinción de 42, a refundición noutros entes de 3, a reordenación ou reformulación de 2, a separación da Xunta de 1 deles e a mellora no funcionamento e organización de 16 entes que continúan existindo.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:12:02
Nº Rexistro: 12497
Data envío: 11/03/2021 10:12:02.568

galicia

• II Plan foi finalmente aprobado polo Consello da Xunta o 16 de febreiro de 2012 e iniciou a súa execución por acordo do 26 de abril de 2012. Este segundo Plan contempla a supresión –por vía de extinción, separación ou refundición– de 25 organismos, sendo os 30 restantes sometidos a medidas de reformulación ou de mellora.

• III Plan foi aprobado o 11 de setembro de 2014 e concluíu co acordo de baixa de 13 entidades e de mantemento dos 19 restantes con aplicación de medidas e recomendacións de mellora.

En total, a través das tres fases activadas e das operacións puntuais realizadas a marxe dos plans está a actuarse sobre 160 entidades, con mandato de supresión sobre 97 entes e de mellora sobre 63, converténdose así Galicia na primeira Comunidade en revisar e someter a exame todos os entes instrumentais no noso sector público autonómico.

Case o 80 por cento das medidas de eficiencia recomendadas polos auditores da Xunta de Galicia xa foron implantadas nos organismos que seguen funcionando.

En relación co rexistro de entidades a Xunta de Galicia está a traballar nun proceso de homoxeneización de criterios co inventario de entes do Ministerio de Facenda para rematar o rexistro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:12:02
Nº Rexistro: 12497
Data envío: 11/03/2021 10:12:02.568

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:11:58

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:12:49
Nº Rexistro: 12500

Data envío: 11/03/2021 10:12:49.146

Data 11/03/2021 10:12

galiçia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 957**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o cumprimento da Lei de transparencia de Galicia**”, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 6 de novembro na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o Director Xeral de Función Pública dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á iniciativa con Nº de rexistro 956 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista galego.

Na súa intervención o Director Xeral explicou de maneira pormenorizada a normativa de boas prácticas e bo goberno que se aplica na Administración autonómica a calquera expediente de compatibilidade que se solicita, que son entre 600 e 700 cada ano.

O Director Xeral tamén fixo un relato pormenorizado sobre como se tramitou o expediente, obxecto da iniciativa, por parte da Dirección Xeral da Función Pública explicando que se tramitou coas mesmas garantías dos centos que tramita do mesmo tipo cada ano e que unha vez analizado, se decretou a compatibilidade, en base ao cumprimento da normativa vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:12:49
Nº Rexistro: 12500
Data envío: 11/03/2021 10:12:49.146

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:12:45

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:28
Nº Rexistro: 12503

Data envío: 11/03/2021 10:13:28.850

Data 11/03/2021 10:13

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 3187**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as responsabilidades políticas e investigación do proceso de fusión das caixas de aforro”**, (publicada no BOPG número 30 do 14 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A crise financeira provocou unha importante reestruturación no sector bancario en toda a UE, con perda de entidades e procesos de concentración en toda Europa: O propio Banco Central Europeo publicaba en outubro de 2017 un informe que sinalaba que o proceso de consolidación no sector bancario cobrouse, dende o inicio da crise financeira do ano 2008, a desaparición dun 25% dos bancos europeos.

En España, a reestruturación do sistema bancario supuxo a practica desaparición das caixas de aforros, das 45 caixas que existían en 2008 unicamente subsisten dúas como tal, quedando reducido o numero de entidades financeiras que operan en España a pouco mais dunha decena.

Galicia viuse fortemente afectados por este proceso de reestruturación bancaria, con tres episodios directamente relacionados coa nosa Comunidade, e que transformou por completo a configuración do mapa bancario galego.

A pesar de todo, Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que presenta no seu mapa bancario unha entidade financeira con sede en Galicia, co seu centro de decisión en Galicia e coa súa actividade e negocio centrado en Galicia.

Desde a Xunta de Galicia sempre estivemos, estamos e estaremos comprometidos a





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:28
Nº Rexistro: 12503
Data envío: 11/03/2021 10:13:28.850

galicia

defender e traballar, dentro das nosas competencias, a prol de todas aquelas iniciativas que implican manter entidades financeiras radicadas en Galicia, manter o emprego e a actividade financeira en Galicia.

Neste sentido, a Xunta de Galicia seguirá a colaborar, tal e como fixo dende o primeiro momento, co Parlamento de Galicia poñendo a disposición da Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, toda a información solicitada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:28
Nº Rexistro: 12503
Data envío: 11/03/2021 10:13:28.850

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:13:25

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:46
Nº Rexistro: 12504

Data envío: 11/03/2021 10:13:46.178

Data 11/03/2021 10:13

galiçia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 3433**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da asunción da implantación dunha unidade especializada en xeriatría no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 33 do 21 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi respondida polo conselleiro de Sanidade no pleno celebrado o 27 de xaneiro de 2021 na resposta á pregunta con número de rexistro 7350.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-01-27?part=3428852a-55e2-4854-a228-729bdd44266e&start=34175>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:46
Nº Rexistro: 12504
Data envío: 11/03/2021 10:13:46.178

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:13:42

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:37
Nº Rexistro: 12508

Data envío: 11/03/2021 10:14:37.381

Data 11/03/2021 10:14

galiçia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4647**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación da Consellería de Política Social en relación cos contaxios por covid-19 detectados na residencia de maiores de Cervo”**, (publicada no BOPG número 44 do 11 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:37
Nº Rexistro: 12508
Data envío: 11/03/2021 10:14:37.381

galicia

marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas e, por outra, a intervención en centros residenciais.

Cando se detecte un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:37
Nº Rexistro: 12508
Data envío: 11/03/2021 10:14:37.381

galicia

Cando o/a xerente ou persoa en quen delegue da área sanitaria aprecia que unha residencia das que está a tutelar reúne criterios para a intervención, deberá elevar un informe aos conselleiros de Sanidade e Política Social. Valorado o informe, os conselleiros deberán asinar unha resolución de intervención que se entregará á dirección da residencia e á entidade, sociedade ou persoa que exerza a súa titularidade.

No que respecta á residencia de maiores San Cibrao no concello de Cervo, o Goberno galego seguiu con atención a evolución dos casos no centro. Non foi precisa a súa intervención e a día de hoxe non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:37
Nº Rexistro: 12508
Data envío: 11/03/2021 10:14:37.381

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:14:29

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:13
Nº Rexistro: 12511
Data envío: 11/03/2021 10:15:13.865
Data 11/03/2021 10:15

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4670**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da concesión do teletraballo ordinario ao persoal ao seu servizo que o solicite, sempre que a súa presenza non sexa imprescindible”**, (publicada no BOPG número 44 do 11 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia desenvolveu un proceso de negociación cas organizacións sindicais que culminou coa aprobación dun acordo coa organización sindical GIG para a implantación do novo réxime de teletraballo dos empregados públicos na Administración galega publicado no DOG o pasado 7 de xaneiro.

Este acordo, pioneiro en España, equilibra as posibilidades de prestación de servizo por parte dos empregados públicos fóra das dependencias da Administración coa necesidade de manter un bo servizo á cidadanía que en ningún caso se debe deter pola pandemia.

A Xunta de Galicia o que ven de facer é implantar a modalidade do teletraballo acordada é manter os servizos públicos en funcionamento para evitar que a pandemia prexudique na prestación dos mesmos.

O teletraballo é unha modalidade de prestación de servizos e debe desenvolverse





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:13
Nº Rexistro: 12511
Data envío: 11/03/2021 10:15:13.865

galicia

sempre garantindo que a administración segue funcionando e prestando servizos a cidadanía. Isto non sería posible se se actuase concedéndolle a todos os que o piden o teletraballo e quedando ao arbitrio dos funcionarios dita posibilidade, pois dita modalidade hai que organizala e xestionala”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:13
Nº Rexistro: 12511
Data envío: 11/03/2021 10:15:13.865

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:15:09

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:51
Nº Rexistro: 12514

Data envío: 11/03/2021 10:15:51.271

Data 11/03/2021 10:15

galiçia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 4726**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de crear unha axencia de avaliación das políticas públicas”**, (publicada no BOPG número 44 do 11 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A avaliación das políticas públicas é unha das ferramentas necesarias nun sistema de gobernanza moderna e por elo o goberno galego, dende o 2009, ven realizando políticas activas de avaliación a través da D.X de Avaliación e Reforma Administrativa que conta no seu cadro de persoal con profesionais auditores e analistas de competencia mais que probada ao longo dos anos de desempeño neste centro directivo.

Como resultado desas avaliacións aprobáronse ao longo destes anos 3 Plans:

- I Plan foi aprobado polo Consello da Xunta o 22 de abril de 2010 e concluíu co acordo de extinción de 42, a refundición noutros entes de 3, a reordenación ou reformulación de 2, a separación da Xunta de 1 deles e a mellora no funcionamento e organización de 16 entes que continúan existindo.
- II Plan foi finalmente aprobado polo Consello da Xunta o 16 de febreiro de 2012 e iniciou a súa execución por acordo do 26 de abril de 2012. Este segundo Plan contempla a supresión –por vía de extinción, separación ou refundición– de 25 organismos, sendo os 30 restantes sometidos a medidas de reformulación ou ben de mellora.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:51
Nº Rexistro: 12514
Data envío: 11/03/2021 10:15:51.271

galicia

•III Plan foi aprobado o 11 de setembro de 2014 e concluíu co acordo de baixa de 13 entidades e de mantemento dos 19 restantes con aplicación de medidas e recomendacións de mellora.

En total, a través das tres fases activadas e das operacións puntuais realizadas a marxe dos plans está a actuarse sobre 160 entidades, con mandato de supresión sobre 97 entes e de mellora sobre 63, converténdose así Galicia na primeira Comunidade en revisar e someter a exame todos os entes instrumentais no noso sector público autonómico.

Case o 80 por cento das medidas de eficiencia recomendadas polos auditores da Xunta de Galicia xa foron implantadas nos organismos que seguen funcionando.

Estes traballos poñen de manifesto que xa existe unha política de avaliación de políticas públicas e que ademais se veu reforzada co sistema de avaliación previsto no Plan Estratéxico de Galicia.

O goberno galego estivo, está e seguirá a traballar continuamente na planificación e mellora dos servizos públicos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:51
Nº Rexistro: 12514
Data envío: 11/03/2021 10:15:51.271

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:15:47

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:32
Nº Rexistro: 12515
Data envío: 11/03/2021 10:16:32.709
Data 11/03/2021 10:16

galiçia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5110**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego para garantir os dereitos fundamentais e a debida atención e asistencia ás persoas usuarias da residencia de persoas maiores de Salvaterra do Miño”**, (publicada no BOPG número 49 do 19 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Sempre que nalgunha residencia estivo en perigo a calidade asistencial, a Xunta de Galicia actuou, e o criterio foi exclusivamente sanitario.

Deste xeito, con data do 27 de outubro do 2020 ditouse a resolución de intervención pública da residencia de maiores de Salvaterra do Miño á vista do elevado número de residentes positivos en Covid-19 no dito centro, momento a partir do cal se efectúa a achega de persoal por parte do Servizo Galego de Saúde e da consellería de Política Social. En canto esta última sinalar que se contrataron 25 auxiliares de enfermería.

Por outra parte a situación sanitaria das persoas residentes foi obxecto de control e seguimento continuado polo persoal sanitario do Servizo Galego de





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:32
Nº Rexistro: 12515
Data envío: 11/03/2021 10:16:32.709



Saúde durante a intervención.

En canto ás medidas inspectoras e sancionadoras adoptadas débese ter en conta que de acordo coa lexislación aplicable é preciso manter a reserva en relación aos expedientes de inspección sancionadores non firmes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:32
Nº Rexistro: 12515
Data envío: 11/03/2021 10:16:32.709

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:16:28

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:17:23
Nº Rexistro: 12524

Data envío: 11/03/2021 10:17:23.318

Data 11/03/2021 10:17

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5249**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para evitar que a denominada pobreza enerxética aumente de xeito radical en Galicia no contexto da covid-19”**, (publicada no BOPG número 49 do 19 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xunta de Galicia estamos axudando aos fogares con menos recursos que non poden facer fronte ao recibo da luz a través do bono eléctrico galego. De feito, este ano 2021 destínanse inicialmente 1,3 millóns de euros coa posibilidade de incrementar o orzamento en caso de que fose necesario dado que o obxectivo é garantir o acceso a unha necesidade tan básica como é a enerxía eléctrica e que non se produzan cortes na subministración para as familias máis vulnerables.

Cómpre recordar que Galicia foi pioneira na posta en marcha desta liña de axudas no ano 2018 tras a aprobación da Lei 7/2017 de eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica, sendo a única Comunidade que conta cun mecanismo destas características. Desde entón concedéronse 9.752 axudas por algo máis de 3 millóns de euros. Antes, a Administración autonómica galega contaba co ticket eléctrico e con axudas para evitar os cortes de subministración das que se beneficiaron entre 2014 e 2017 máis de 12.500 familias.

Por outra banda, mencionar que un total de 87.076 familias galegas benefíciense do Bono Social Térmico este ano. A Xunta de Galicia, a través do Inega, distribuirá 6,3 millóns de euros transferidos polo Ministerio para la Transición Ecolóxica y Reto Demográfico coa fin de compensar os gastos económicos dos consumidores máis





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:17:23
Nº Rexistro: 12524
Data envío: 11/03/2021 10:17:23.318

galicia

vulnerables polo uso de calefacción, auga quente ou cociña.

Así mesmo, a Consellería de Política Social dispón de instrumentos de planificación estratéxica das medidas dirixidas ás persoas que mais o necesitan.

En concreto as medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, encádranse, a efectos de planificación estratéxica, na Estratexia Social de Inclusión de Galicia e na Axenda Social Única de Galicia. Dentro destes instrumentos existen medidas que pretenden paliar o problema da pobreza enerxética, e que de xeito específico desenvolve principalmente a consellería de Economía, Empresa e Innovación, mais alá das medidas de carácter xeral coas que conta a consellería de Política Social para abordar a loita contra a pobreza.

Así mesmo, engádese que a consellería de Política Social dispón, entre outras tipoloxías, de Axudas de Inclusión Social (AIS) vinculadas ao uso da vivenda, que se conceden para o pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafuzamento e a perda de subministracións básicas da vivenda, como son os gastos de auga, luz e outros necesarios para poder continuar habitando a vivenda.

Destácase neste senso que o orzamento destinado ás Axudas de Inclusión Social (AIS) incrementouse nun 35% con respecto ao ano pasado, acadando os 4,5 millóns de euros no presente exercicio 2021”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:17:23
Nº Rexistro: 12524
Data envío: 11/03/2021 10:17:23.318

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:17:19

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:18:29
Nº Rexistro: 12531

Data envío: 11/03/2021 10:18:29.600

Data 11/03/2021 10:18

galiçia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5554**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir o dereito de acceso á oferta financeira de toda a cidadanía galega, diante do escenario de exclusión que está a padecer a consecuencia dos procesos de concentración bancaria”**, (publicada no BOPG número 52 do 25 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A reestruturación do sistema financeiro, os procesos de consolidación de entidades e a reformulación do negocio bancario é un feito xeneralizado a nivel global.

Desde a crise financeira, o sector bancario estivo inmerso nun proceso de reestruturación gradual, na busca de novos modelos de negocio axustados aos novos retos que se presentan: o novo marco regulatorio, os tipos de xuros negativos, a dixitalización do sector, a resolución de activos dúbidosos, a entrada de novos competidores, etc. A crise sanitaria da Covid, co conseguinte efecto traumático na economía, acelerou este proceso consolidación bancaria, en de entidades máis fortes e resilientes.

O anuncio no ano 2020 de novas operacións de consolidación como a inicialmente anunciada entre o BBVA me o Banco Sabadell (se ben, con posteriridade anunciouse a ruptura de negociacións por parte das entidades) ou operacións similares en Italia ou Alemaña, anuncian a continuidade deste proceso nos vindeiros anos, incrementando o grado de concentración bancaria.

Porén, hai que ter en conta factores que matizan este incremento, como son a

 Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:18:29
Nº Rexistro: 12531
Data envío: 11/03/2021 10:18:29.600

galicia

dixitalización, que facilita a prestación dunha ampla gama de servizos financeiros, a presenza cada vez máis intensa de novos competidores non bancarios, ou o papel importante que en determinados ámbitos territoriais poden xogar entidades mais enfocadas ao negocio doméstico, neste sentido o propio Banco de España considera que o nivel de competencia no sector é elevado.

Na nosa Comunidade Autónoma, o Informe sobre a Concentración Bancaria, elaborado pola Comisión Galega da Competencia, realizou unha exhaustiva análise do mercado bancario galego, advertindo que os niveis de concentración no mercado galego tamén son elevados.

Con todo hai unha serie de factores como o que ningunha entidade teña unha posición dominante no mercado, a elevada competencia potencial, o papel da banca “en liña” ou a regulación e supervisión á que está sometido o sector por parte do Goberno do Estado e o Banco de España, que atenúan os riscos deste proceso.

Porén, como xa se ten manifestado en numerosas ocasións, a concentración bancaria é unha preocupación compartida polo Goberno galego. A este respecto, desde a Xunta de Galicia sempre estivemos, estamos e estaremos comprometidos a defender, dentro das nosas competencias, todas aquelas iniciativas que implican o mantemento de entidades financeiras radicadas en Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:18:29
Nº Rexistro: 12531
Data envío: 11/03/2021 10:18:29.600

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:18:26

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data envío: 11/03/2021 10:18:21
Nº Rexistro: 12530
Data 11/03/2021 10:18

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 5610**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da intervención da residencia de maiores Doralresidencias de Mos, por causa do número de contaxios por covid-19 que rexistra”**, (publicada no BOPG número 52 do 25 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

No que respecta a Doral Residencia de Mos, non foi precisa a súa intervención xa que contaba con todos os medios humanos e materiais necesarios e tamén con profesionais do ámbito sanitario para facer fronte á situación.

Esta residencia non conta con ningún caso de contaxio por covid-19 entre os seus usuarios e traballadores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:18:21
Nº Rexistro: 12530
Data envío: 11/03/2021 10:18:21.334

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:18:17

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:23:01
Nº Rexistro: 12538

Data envío: 11/03/2021 10:23:01.642

Data 11/03/2021 10:22

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 6537**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego dos problemas e condicións de mobilidade que vén padecendo a poboación da ribeira do encoro de Portodemouros, nomeadamente a das parroquias de Loño e Beigondo”**, (publicada no BOPG número 67 do 23 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A instalación da barcaza de paso no encoro de Portodemouros vén herdada dunha autorización administrativa concedida nos anos 70.

Augas de Galicia, respectando os actos administrativos ditados e dentro do seu marco competencial, vela polo cumprimento das condicións que rexen a concesión.

O concesionario da barcaza Azulón Primeiro ten a obriga de conservar ou substituír as servidumes existentes que se vexan afectadas polo desenvolvemento do aproveitamento, inherente á Orde Ministerial de outorgamento da concesión integral para aproveitamento hidroeléctrico no río Ulla do 10/11/1962, entre os que se atopa o Salto de Portodemouros.

A explotación da barcaza réxese polas prescricións ditadas nos anos 70 no seo dos actos administrativos autorizatorios do proxecto de substitución de servidumes e de establecemento da barcaza de paso, co ditado o 22 de maio de 1975 da Orde Ministerial por la que se resolve que a sociedade concesionaria deberá manter no encoro de Portodemouros unha barca de paso para o transporte de vehículos, carros,





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:23:01
Nº Rexistro: 12538
Data envío: 11/03/2021 10:23:01.642

galicia

persoas e animais dunha marxe cara á outra, debendo ter unha capacidade de carga de 15 toneladas métricas.

O titular da explotación está tamén suxeito ao contido da resolución ditada o 13 de outubro de 2006 por Augas de Galicia pola que se aproba o proxecto de reforma e ampliación da barcaza para transporte fluvial. O proxecto foi presentado polo concesionario, a instancias de Augas de Galicia, que, ante as demandas dos veciños usuarios da barcaza sobre o espazo e a capacidade desta, requiriulle á empresa o cumprimento dos condicionantes impostos na súa resolución concesional”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:23:01
Nº Rexistro: 12538
Data envío: 11/03/2021 10:23:01.642

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:22:57

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:04
Nº Rexistro: 12510

Data envío: 11/03/2021 10:15:04.537

Data 11/03/2021 10:14

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4671**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **“os datos referidos á concesión do teletraballo ordinario ao persoal da Xunta de Galicia desde o día 13 de marzo de 2020”**, (publicada no BOPG número 44 do 11 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia desenvolveu un proceso de negociación cas organizacións sindicais que culminou coa aprobación dun acordo coa organización sindical GIG para a implantación do novo réxime de teletraballo dos empregados públicos na Administración galega publicado no DOG o pasado 7 de xaneiro.

Este acordo, pioneiro en España, equilibra as posibilidades de prestación de servizo por parte dos empregados públicos fóra das dependencias da Administración coa necesidade de manter un bo servizo á cidadanía que en ningún caso se debe deter pola pandemia.

A Xunta de Galicia o que ven de facer é implantar a modalidade do teletraballo





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:04
Nº Rexistro: 12510
Data envío: 11/03/2021 10:15:04.537

galicia

acordada é manter os servizos públicos en funcionamento para evitar que a pandemia prexudique na prestación dos mesmos.

O teletraballo é unha modalidade de prestación de servizos e debe desenvolverse sempre garantindo que a administración segue funcionando e prestando servizos a cidadanía. Isto non sería posible se se actuase concedéndolle a todos os que o piden o teletraballo e quedando ao arbitrio dos funcionarios dita posibilidade, pois dita modalidade hai que organizala e xestionala”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:04
Nº Rexistro: 12510
Data envío: 11/03/2021 10:15:04.537

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:15:00

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:22:01
Nº Rexistro: 12535
Data envío: 11/03/2021 10:22:01.927
Data 11/03/2021 10:21

Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 1ª- **número 6513**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Secretaría Xeral para o Deporte para mellorar as infraestruturas e os equipamentos deportivos na provincia de Ourense e, en particular, no concello de Ourense”**, (publicada no BOPG número 66, do 22 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“As actuacións da secretaría xeral para o Deporte no ámbito das infraestruturas deportivas na provincia de Ourense e a súa capital, pasan principalmente por tres grandes obras: reforma e ampliación do club náutico de Castrelo de Miño, o complexo deportivo e acuático de Monterrei en Pereiro de Aguiar e a remodelación integral do estadio de O Couto na cidade de Ourense. As dúas primeiras obras serán sufragadas en colaboración coa Deputación Provincial, estimándose un investimento total aproximado de mais de 10 millóns de euros, mentres que as actuacións no estadio de O Couto será asumido na súa totalidade pola secretaría xeral (importe estimado de 1,7 millón de euros).

Estas tres grandes obras súmanse ás recentemente finalizadas obras de reforma do pavillón de Os Remedios, que ascenderon a 2 millóns de euros, sufragados completamente pola Xunta de Galicia, ou a pista de atletismo cuberta de Expourense onde o investimento total da Administración autonómica supera xa os 3,5 millóns de euros.

As grandes instalacións non esgotan o esforzo inversor da secretaría xeral para o Deporte que, anualmente, subscribe con distintos concellos da provincia convenios de colaboración para a mellora da dotación do equipamento e das instalacións dos cidadáns de Ourense.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Páxina 1 de 1

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
11/03/2021 10:21:57

45741

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:22:01
Nº Rexistro: 12535
Data envío: 11/03/2021 10:22:01.927

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:21:57

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:17:40
Nº Rexistro: 12527

Data envío: 11/03/2021 10:17:40.803

Data 11/03/2021 10:17

galiçia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5244**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai impulsar o Goberno galego para evitar o aumento da pobreza enerxética de xeito radical en Galicia no contexto da covid-19”**, (publicada no BOPG número 49 do 19 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Xunta de Galicia estamos axudando aos fogares con menos recursos que non poden facer fronte ao recibo da luz a través do bono eléctrico galego. De feito, este ano 2021 destínanse inicialmente 1,3 millóns de euros coa posibilidade de incrementar o orzamento en caso de que fose necesario dado que o obxectivo é garantir o acceso a unha necesidade tan básica como é a enerxía eléctrica e que non se produzan cortes na subministración para as familias máis vulnerables.

Cómpre recordar que Galicia foi pioneira na posta en marcha desta liña de axudas no ano 2018 tras a aprobación da Lei 7/2017 de eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica, sendo a única Comunidade que conta cun mecanismo destas características. Desde entón concedéronse 9.752 axudas por algo máis de 3 millóns de euros. Antes, a Administración autonómica galega contaba co ticket eléctrico e con axudas para evitar os cortes de subministración das que se beneficiaron entre 2014 e 2017 máis de 12.500 familias.

Por outra banda, mencionar que un total de 87.076 familias galegas beneficiáanse do Bono Social Térmico este ano. A Xunta de Galicia, a través do Inega, distribuirá 6,3 millóns de euros transferidos polo Ministerio para la Transición Ecolóxica y Reto Demográfico coa fin de compensar os gastos económicos dos consumidores máis





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:17:40
Nº Rexistro: 12527
Data envío: 11/03/2021 10:17:40.803

galicia

vulnerables polo uso de calefacción, auga quente ou cociña.

Así mesmo, a Consellería de Política Social dispón de instrumentos de planificación estratéxica das medidas dirixidas ás persoas que mais o necesitan.

En concreto as medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, encádranse, a efectos de planificación estratéxica, na Estratexia Social de Inclusión de Galicia e na Axenda Social Única de Galicia. Dentro destes instrumentos existen medidas que pretenden paliar o problema da pobreza enerxética, e que de xeito específico desenvolve principalmente a consellería de Economía, Empresa e Innovación, mais alá das medidas de carácter xeral coas que conta a consellería de Política Social para abordar a loita contra a pobreza.

Así mesmo, engádese que a consellería de Política Social dispón, entre outras tipoloxías, de Axudas de Inclusión Social (AIS) vinculadas ao uso da vivenda, que se conceden para o pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafuzamento e a perda de subministracións básicas da vivenda, como son os gastos de auga, luz e outros necesarios para poder continuar habitando a vivenda.

Destácase neste senso que o orzamento destinado ás Axudas de Inclusión Social (AIS) incrementouse nun 35% con respecto ao ano pasado, acadando os 4,5 millóns de euros no presente exercicio 2021”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:17:40
Nº Rexistro: 12527
Data envío: 11/03/2021 10:17:40.803

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:17:37

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:12:10
Nº Rexistro: 12498

Data envío: 11/03/2021 10:12:10.959

Data 11/03/2021 10:12

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 691**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración e as actuacións previstas polo Goberno en relación coas conclusións reflectidas no informe do Consello de Contas sobre os procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2010-2016”**, (publicada no BOPG número 11 do 4 de setembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A reestruturación do sector público e o proceso de avaliación das entidades dependentes estiveron na axenda do Goberno galego dende o primeiro momento. Así desde 2009 analizáronse as entidades e se fixo unha avaliación específica en materia de persoal:

- No ano 2009 a Xunta de Galicia comezou a revisar e a avaliar o funcionamento de 64 entidades públicas que tiña adscritas.
- Posteriormente, no ano 2011, realizouse unha nova auditoría sobre un segundo bloque de entes de moi diversa natureza, orixe, tipoloxía y adscrición orgánica.
- E no ano 2013, comezou a terceira fase do proceso de racionalización da administración instrumental, co inicio dos traballos de avaliación previa dos 32 entes que restaba por avaliar

Como resultado desas avaliacións aprobáronse 3 Plans:

- I Plan foi aprobado polo Consello da Xunta o 22 de abril de 2010 e concluíu co acordo de extinción de 42, a refundición noutros entes de 3, a reordenación ou reformulación de 2, a separación da Xunta de 1 deles e a mellora no funcionamento e





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:12:10
Nº Rexistro: 12498
Data envío: 11/03/2021 10:12:10.959

galicia

organización de 16 entes que continúan existindo.

- II Plan foi finalmente aprobado polo Consello da Xunta o 16 de febreiro de 2012 e iniciou a súa execución por acordo do 26 de abril de 2012. Este segundo Plan contempla a supresión –por vía de extinción, separación ou refundición– de 25 organismos, sendo os 30 restantes sometidos a medidas de reformulación ou de mellora.

- III Plan foi aprobado o 11 de setembro de 2014 e concluíu co acordo de baixa de 13 entidades e de mantemento dos 19 restantes con aplicación de medidas e recomendacións de mellora.

En total, a través das tres fases activadas e das operacións puntuais realizadas a marxe dos plans está a actuarse sobre 160 entidades, con mandato de supresión sobre 97 entes e de mellora sobre 63, converténdose así Galicia na primeira Comunidade en revisar e someter a exame todos os entes instrumentais no noso sector público autonómico.

Case o 80 por cento das medidas de eficiencia recomendadas polos auditores da Xunta de Galicia xa foron implantadas nos organismos que seguen funcionando.

En relación co rexistro de entidades a Xunta de Galicia está a traballar nun proceso de homoxeneización de criterios co inventario de entes do Ministerio de Facenda para rematar o rexistro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:12:10
Nº Rexistro: 12498
Data envío: 11/03/2021 10:12:10.959

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:12:07

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:20
Nº Rexistro: 12502

Data envío: 11/03/2021 10:13:20.896

Data 11/03/2021 10:13

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3188**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da asunción dalgunha responsabilidade no proceso de fusión das caixas de aforro favorecendo asemade a súa investigación e a valoración que fai da argumentación ao respecto inserida no Auto da Audiencia Nacional referido ao caso urbanístico Marina Atlántica”**, (publicada no BOPG número 31 do 15 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A crise financeira provocou unha importante reestruturación no sector bancario en toda a UE, con perda de entidades e procesos de concentración en toda Europa: O propio Banco Central Europeo publicaba en outubro de 2017 un informe que sinalaba que o proceso de consolidación no sector bancario cobrouse, dende o inicio da crise financeira do ano 2008, a desaparición dun 25% dos bancos europeos.

En España, a reestruturación do sistema bancario supuxo a practica desaparición das caixas de aforros, das 45 caixas que existían en 2008 unicamente subsisten dúas como tal, quedando reducido o numero de entidades financeiras que operan en España a pouco mais dunha decena.

Galicia viuse fortemente afectados por este proceso de reestruturación bancaria, con tres episodios directamente relacionados coa nosa Comunidade, e que transformou por completo a configuración do mapa bancario galego.

A pesar de todo, Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que presenta no seu mapa bancario unha entidade financeira con sede en Galicia, co seu centro de





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:20
Nº Rexistro: 12502
Data envío: 11/03/2021 10:13:20.896

galicia

decisión en Galicia e coa súa actividade e negocio centrado en Galicia.

Desde a Xunta de Galicia sempre estivemos, estamos e estaremos comprometidos a defender e traballar, dentro das nosas competencias, a prol de todas aquelas iniciativas que implican manter entidades financeiras radicadas en Galicia, manter o emprego e a actividade financeira en Galicia.

Neste sentido, a Xunta de Galicia seguirá a colaborar, tal e como fixo dende o primeiro momento, co Parlamento de Galicia poñendo a disposición da Comisión de investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, toda a información solicitada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:13:20
Nº Rexistro: 12502
Data envío: 11/03/2021 10:13:20.896

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:13:17

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:42
Nº Rexistro: 12513

Data envío: 11/03/2021 10:15:42.990

Data 11/03/2021 10:15

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4727**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a necesidade de crear unha axencia de avaliación das políticas públicas**”, (publicada no BOPG número 44 do 11 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“A avaliación das políticas públicas é unha das ferramentas necesarias nun sistema de gobernanza moderna e por elo o goberno galego, dende o 2009, ven realizando políticas activas de avaliación a través da D.X de Avaliación e Reforma Administrativa que conta no seu cadro de persoal con profesionais auditores e analistas de competencia mais que probada ao longo dos anos de desempeño neste centro directivo.

Como resultado desas avaliacións aprobáronse ao longo destes anos 3 Plans:

- I Plan foi aprobado polo Consello da Xunta o 22 de abril de 2010 e concluíu co acordo de extinción de 42, a refundición noutros entes de 3, a reordenación ou reformulación de 2, a separación da Xunta de 1 deles e a mellora no funcionamento e organización de 16 entes que continúan existindo.
- II Plan foi finalmente aprobado polo Consello da Xunta o 16 de febreiro de 2012 e iniciou a súa execución por acordo do 26 de abril de 2012. Este segundo Plan contempla a supresión –por vía de extinción, separación ou refundición– de 25 organismos, sendo os 30 restantes sometidos a medidas de reformulación ou ben de mellora.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:42
Nº Rexistro: 12513
Data envío: 11/03/2021 10:15:42.990

galicia

•III Plan foi aprobado o 11 de setembro de 2014 e concluíu co acordo de baixa de 13 entidades e de mantemento dos 19 restantes con aplicación de medidas e recomendacións de mellora.

En total, a través das tres fases activadas e das operacións puntuais realizadas a marxe dos plans está a actuarse sobre 160 entidades, con mandato de supresión sobre 97 entes e de mellora sobre 63, converténdose así Galicia na primeira Comunidade en revisar e someter a exame todos os entes instrumentais no noso sector público autonómico.

Case o 80 por cento das medidas de eficiencia recomendadas polos auditores da Xunta de Galicia xa foron implantadas nos organismos que seguen funcionando.

Estes traballos poñen de manifesto que xa existe unha política de avaliación de políticas públicas e que ademais se veu reforzada co sistema de avaliación previsto no Plan Estratéxico de Galicia.

O goberno galego estivo, está e seguirá a traballar continuamente na planificación e mellora dos servizos públicos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:15:42
Nº Rexistro: 12513
Data envío: 11/03/2021 10:15:42.990

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:15:39

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:03
Nº Rexistro: 12506

Data envío: 11/03/2021 10:14:03.693

Data 11/03/2021 10:13

galiçia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3430**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións do Goberno galego respecto da implantación dunha unidade específica de xeriatría no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense”**, (publicada no BOPG número 34 do 22 de outubro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi respondida polo conselleiro de Sanidade no pleno celebrado o 27 de xaneiro de 2021 na resposta á pregunta con número de rexistro 7350.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-01-27?part=3428852a-55e2-4854-a228-729bdd44266e&start=34175>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:14:03
Nº Rexistro: 12506
Data envío: 11/03/2021 10:14:03.693

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:14:00

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:17:07
Nº Rexistro: 12522

Data envío: 11/03/2021 10:17:07.193

Data 11/03/2021 10:17

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5075**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de persoas beneficiaras da Risga que deixaron de percibila por ser incompatible co ingreso mínimo vital e as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei de inclusión social de Galicia para facer compatibles esas prestacións, así como a reclamación da xestión dese ingreso”**, (publicada no BOPG número 50 do 20 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está xa a traballar na reforma da Lei de Inclusión Social de Galicia, en estreita colaboración coas entidades e os profesionais que traballan no sector.

O obxectivo principal da reforma é adaptar a Renda de inclusión social de Galicia (Risga) e as Axudas de Inclusión Social (AIS) ao novo contexto xurdido coa posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital (IMV), e así mesmo apostarase pola simplificación e a redución da burocracia, co fin de que a tramitación destas axudas sexa o máis rápida e áxil posible.

No marco dos ditos traballos contemplárase a creación de programas e complementos que poidan apoiar ás persoas perceptoras do IMV no seu proceso de inclusión social activa, toda vez que nesta prestación unicamente se proporciona apoio de carácter económico básico.

En Galicia ata o mes de xaneiro de 2021 extinguíronse 1.802 RISGAS por ter os seus beneficiarios accedido ao IMV. Cómpre destacar que nesta Comunidade non se





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:17:07
Nº Rexistro: 12522
Data envío: 11/03/2021 10:17:07.193

galicia

extingue a RISGA polo feito de cumprir os requisitos para acceder ao IMV nin de telo solicitado, senon unicamente cando se ten constancia da concesión efectiva do IMV, e sempre que o importe desta última prestación sexa superior ao das PNCs e a aquel que, de conformidade coa normativa, permitiría percibir unha RISGA complementaria.

Esto é especialmente importante tendo en conta que a normativa reguladora do IMV non está configurada de xeito definitivo todavía, e a resolución das axudas está a sufrir un atraso considerable, polo que o obxectivo da comunidade autónoma de Galicia é que ningunha persoa quede desasistida.

A Xunta de Galicia xa ten solicitado formalmente en distintas ocasións asumir a xestión do ingreso mínimo vital (IMV) en Galicia, do mesmo xeito que se está asumindo dende hai moitos anos a xestión das pensións non contributivas, e en base á experiencia na tramitación destas e da renda mínima autonómica.

As condicións da transferencia de dita xestión deberán negociarse co Goberno do Estado, e no marco dos instrumentos de coordinación existentes a nivel estatal para tratar a materia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:17:07
Nº Rexistro: 12522
Data envío: 11/03/2021 10:17:07.193

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:17:03

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:50
Nº Rexistro: 12518

Data envío: 11/03/2021 10:16:50.256

Data 11/03/2021 10:16

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5107**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coa denuncia referida á situación das persoas usuarias da residencia de persoas maiores de Salvaterra do Miño”**, (publicada no BOPG número 49 do 19 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa aplicación da normativa vixente e en relación aos expedientes de inspección ou sancionadores que non son firmes, é necesario manter a reserva sobre os detalles concretos para contestación das preguntas que se formulan con respecto aos posibles expedientes abertos a esta entidade, por canto de acordo coa normativa aplicable e a ponderación dos intereses implicados débese limitar en determinados casos a difusión de datos sobre investigacións en curso ou expedientes sancionadores iniciados que non contén cunha resolución administrativa firme. A este respecto débese ter en conta o feito de que a difusión desta información pode prexudicar a prevención, investigación e sanción de ilícitos administrativos, ademais de vulnerar esta difusión a garantía das persoas presuntamente responsables nos posibles procedementos abertos, en aplicación do artigo 14.1.e) e g) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno que establece a posible limitación de acceso á información pública, entre outros supostos, nos de:

- e) A prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.
- g) As funcións administrativas de vixilancia, inspección e control.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:50
Nº Rexistro: 12518
Data envío: 11/03/2021 10:16:50.256

galicia

Sempre que nalgunha residencia estivo en perigo a calidade asistencial, a Xunta de Galicia actuou, e o criterio foi exclusivamente sanitario.

Deste xeito, con data do 27 de outubro do 2020 ditouse a resolución de intervención pública da residencia de maiores de Salvaterra do Miño á vista do elevado número de residentes positivos en Covid-19 no dito centro, momento a partir do cal se efectúa a achega de persoal por parte do Servizo Galego de Saúde e da consellería de Política Social. En canto esta última sinalar que se contrataron 25 auxiliares de enfermería.

Por outra parte a situación sanitaria das persoas residentes foi obxecto de control e seguimento continuado polo persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde durante a intervención.

En canto ás medidas inspectoras e sancionadoras adoptadas débese ter en conta que de acordo coa lexislación aplicable é preciso manter a reserva en relación aos expedientes de inspección sancionadores non firmes.

Todas as situacións denunciadas por particulares ou por asociacións son debidamente investigadas polos servizos de inspección e se adoptan as medidas que en cada caso corresponden, ademais das actuacións derivadas do plan de inspección correspondente. Neste caso, realizáronse as inspeccións ordinarias e tramitáronse as denuncias presentadas, actuando no caso da detección de calquera irregularidade.

No que respecta ao número de inspeccións, realizáronse sete inspeccións presenciais entre os anos 2017,2018,2019 e 2020 e o transcorrido de 2021, ademais das actividades administrativas de requirimento e de comprobación derivadas das denuncias presentadas por particulares.

A Xunta de Galicia continúa no exercicio das súas competencias e dentro da aplicación da lei co labor de prevención e de ser o caso de sanción de todas as accións que non estean permitidas pola normativa aplicable, con especial





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:50
Nº Rexistro: 12518
Data envío: 11/03/2021 10:16:50.256

galicia

sensibilidade, no caso dos servizos sociais á garantía dos dereitos das persoas usuarias.

O novo modelo de residencias é un proxecto no que se está traballando actualmente, que se caracteriza na súa dinámica de traballo por ser participativo, escoitando todas as achegas de todos os axentes implicados, incluídos os grupos políticos con representación parlamentaria, elemento este da participación que se considera imprescindible para a consecución dun resultado positivo. Por outra parte as condicións de autorización de entidades e centros son as establecidas na lexislación aplicable ao respecto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:16:50
Nº Rexistro: 12518
Data envío: 11/03/2021 10:16:50.256

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:16:46

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA


VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:18:12
Nº Rexistro: 12529

Data envío: 11/03/2021 10:18:12.990

Data 11/03/2021 10:18



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5611**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da intervención da residencia de maiores Doralresidencias de Mos, os parámetros ou o protocolo obxectivo existente para a toma de decisións á hora de intervir os centros de atención residencial cando hai contaxios por covid-19, e os medios humanos e materiais que se habilitan unha vez intervido o centro”**, (publicada no BOPG número 53 do 26 de novembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia elaboráronse protocolos asistenciais conxuntos entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, coa mellor evidencia científica para a atención e tratamento das persoas residentes en centros sociocomunitarios.

Sempre que nalgunha residencia a calidade asistencial estivo en perigo, a Xunta de Galicia actuou, seguindo criterios exclusivamente sanitarios.

A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas *medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio* e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:18:12
Nº Rexistro: 12529
Data envío: 11/03/2021 10:18:12.990

galicia

sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a **Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social** acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación de Residencias Integradas para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19 nos casos recollidos a continuación e, por outra, a intervención en centros residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos, nas residencias con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención do brote, no seu caso, motivo polo que estas residencias denomínanse Residencias Intervidas ou “con expediente de intervención”, de acordo coa terminoloxía empregada polo Goberno central.

Cando se detecte un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:18:12
Nº Rexistro: 12529
Data envío: 11/03/2021 10:18:12.990

galicia

sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.

Cando o/a xerente ou persoa en quen delegue da área sanitaria aprecia que unha residencia das que está a tutelar reúne criterios para a intervención, deberá elevar un informe aos conselleiros de Sanidade e Política Social. Valorado o informe, os conselleiros deberán asinar unha resolución de intervención que se entregará á dirección da residencia e á entidade, sociedade ou persoa que exerza a súa titularidade.

No que respecta a Doral Residencia de Mos, non foi precisa a súa intervención xa que contaba con todos os medios humanos e materiais necesarios e tamén con profesionais do ámbito sanitario para facer fronte á situación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:18:12
Nº Rexistro: 12529
Data envío: 11/03/2021 10:18:12.990

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:18:08

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:20:38
Nº Rexistro: 12534

Data envío: 11/03/2021 10:20:38.256

Data 11/03/2021 10:20

galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5792**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia, desde a detección dos primeiros casos, para atallar o gromo de covid-19 na residencia Asilo de Vilalba, e os motivos do seu alcance”**, (publicada no BOPG número 56 do 2 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, pola que se establecen medidas complementarias de carácter organizativo, así como a subministración de información no ámbito dos centros de servizos sociais de carácter residencial en relación coa xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recoñece a especial vulnerabilidade das persoas maiores, as persoas con discapacidade ou outros usuarios de centros residenciais e centros sociais con internamento ante a infección COVID-19, e a necesidade de dispoñer de recursos para a atención dos mesmos, obriga a adoptar novas medidas dirixidas a reducir o risco de contaxio e garantir a posibilidade de utilización de todos os recursos dispoñibles para a atención social e sanitaria destes colectivos.

En virtude do disposto no punto terceiro, apartado c, da Orde SND/275/2020, do 23 de marzo, a autoridade sanitaria competente da comunidade autónoma poderá, en función da situación epidémica e asistencial de cada centro residencial ou territorio concreto e sempre atendendo a principios de necesidade e proporcionalidade, intervir os centros residenciais e dispoñer unha serie de actuacións neles.

Deste xeito, a Consellería de Sanidade conxuntamente coa Consellería de Política Social acordaron levar a cabo dous tipos de actuacións. Por unha banda, a creación





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:20:38
Nº Rexistro: 12534
Data envío: 11/03/2021 10:20:38.256

galicia

de Residencias Integradas para illamento e tratamento das persoas diagnosticadas con COVID-19 nos casos recollidos a continuación e, por outra, a intervención en centros residenciais, propoñendo distintos tipos de medidas, entre as que se atopan o apoio con empregados públicos, nas residencias con maiores dificultades no control das persoas infectadas ou na contención do brote, no seu caso, motivo polo que estas residencias denomínanse Residencias Intervidas ou 'con expediente de intervención', de acordo coa terminoloxía empregada polo Goberno central.

Cando se detecta un caso confirmado de COVID-19 nunha residencia de maiores, nun centro de discapacidade ou noutros centros sociosanitarios para a atención as persoas con enfermidade mental grave, os equipos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, en función da súa situación clínica, poderán decidir o seu traslado a un centro hospitalario, a unha residencia integrada ou a súa permanencia no centro onde reside e, si se considera preciso, a intervención desta (sempre que sexa posible establecer medidas de illamento nela).

As Residencias Integradas son espazos residenciais destinados ao seguimento e tratamento das persoas con COVID-19 positivo paucisintomáticos ou con sintomatoloxía leve nas que non é necesaria a hospitalización. O obxectivo destas residencias é preservar aos residentes dos centros de orixe dun posible contaxio e, ademais, agrupar os casos confirmados de COVID-19 para realizar un tratamento continuado con persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde.

Nestes centros, a Consellería de Sanidade asume o control total tanto da asistencia sanitaria como da xestión polo que a xerencia da área sanitaria na que se atope a residencia integrada, ou persoa/s en quen delegue, e dirixirá todas as actuacións que teñan lugar nela.

A Residencia Intervida é a que o Servizo Galego de Saúde asume ou apoia no control sanitario dela, polo que estará sometida a unha supervisión continua durante o período que dure a intervención. A persoa encargada de organizar esta intervención é o/a xerente da área sanitaria ou persoa en quen delegue.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:20:38
Nº Rexistro: 12534
Data envío: 11/03/2021 10:20:38.256

galicia

O Goberno galego interveu residencias desde o inicio da pandemia sempre que a calidade asistencial se viu comprometida e atendendo a criterios unicamente sanitarios.

Deste xeito, o 19 de novembro de 2020 a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social asinaron unha resolución conxunta pola que se acorda a intervención da Residencia de Persoas Maiores Asilo de Vilalba co fin de reforzar o persoal do centro. Unha vez avaliada a situación da residencia, as consellerías de Sanidade e Política Social acordaron tomar esa medida co obxectivo de garantir a calidade asistencial e a correcta protección da saúde tanto das persoas usuarias como das traballadoras e traballadores do centro.

Un equipo da Consellería de Política Social e outro do Servizo Galego de Saúde (Sergas) desprazáronse ao centro para facer un seguimento permanente sobre a situación dos residentes, así como para vixiar a correcta aplicación das medidas de prevención, seguridade e hixiene fronte á covid-19 aprobadas pola Xunta de Galicia. Os profesionais do Sergas tamén velaron pola continuidade dunha atención sanitaria axeitada na residencia.

Actualmente a residencia xeriátrica Asilo de Vilalba non conta con ningún usuario ou traballador contaxiado con covid-19”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:20:38
Nº Rexistro: 12534
Data envío: 11/03/2021 10:20:38.256

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:20:33

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 6527**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da Rede galega de centros de protección de menores e as medidas adoptadas ou previstas para garantir o correcto funcionamento, así como o desenvolvemento, do proxecto educativo do centro Santo Anxo, no concello de Rábade”**, (publicada no BOPG número 66 do 22 de decembro de 2020), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2020, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“É importante informar que non existen problemas de xestión nos centros de menores de Galicia. Ao contrario, nestes centros, os nenos, nenas e adolescentes así como os profesionais que prestan servizos neles, foron e son un exemplo de convivencia nos difíciles momentos que atravesamos, nos que pese ao confinamento e a imposibilidade de realizar visitas e saídas coas familias biolóxicas asumiron a situación e manifestaron un comportamento exemplar nesta crise.

Así mesmo, os profesionais que prestan servizos nestes centros souberon xestionar a suspensión das actividades escolares e extraescolares e realizaron con profesionalidade unha labor intensa para dar cobertura ás situacións extremas vividas dende marzo de 2020.

Pola súa parte, o Centro de menores Santo Anxo da Garda, de Rábade é un centro residencial de protección de menores, coa tipoloxía de centro de reeducación e cunha capacidade de 32 prazas. Nel préstase acollemento residencial a persoas menores de idade que se atopan baixo a garda ou a tutela da administración pública, por provir dunha situación de risco ou de desamparo no seu núcleo familiar. Dentro deste perfil, os usuarios deste centro son mozos e mozas normalmente de 14 anos ou mais, que requiren dunha intervención especializada por presentar problemas de conduta, actitudes violentas, falta de acatamento das normas, etc, que desaconsellan a súa convivencia con nenos e nenas mais pequenos noutros centros residenciais de ambiente mais familiar.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:22:44
Nº Rexistro: 12537
Data envío: 11/03/2021 10:22:44.393

O perfil dos menores necesitados de protección administrativa foi cambiando e é cada vez maior o número de nenos, nenas e adolescentes que, en idades cada vez máis temperás, manifestan un carácter violento e conflitivo, con sintomatoloxía psiquiátrica, aos que se dá resposta desde toda a rede de recursos de protección.

Neste sentido, os mozos e mozas residentes no centro Santo Anxo da Garda de Rábade requiren de atención sanitaria e psicolóxica específica e non exclusivamente educativa. Por isto, nos últimos tempos adoptáronse distintas medidas para dar cobertura ás necesidades dos menores residentes e facilitar o traballo dos profesionais que prestan servizo neste centro: reforzouse o cadro de persoal do centro coa incorporación dun psicólogo e un traballador social e un reforzo continuado de persoal educador e de seguridade. Ampliouse a formación dos traballadores e actualizáronse os itinerarios educativos e de integración social para as rapazas e os rapaces do centro.

Tamén cómpre destacar a mellora nas instalacións do centro, nas zonas comúns e nos fogares e no eido da videovixilancia. De feito, nos últimos dous anos a Xunta de Galicia investiu máis de 300.000 euros en obras para mellorar a infraestrutura.

Todas estas medidas, teñen como finalidade mellorar a atención dos mozos e mozas en acollemento residencial no centro Santo Anxo da Garda de Rábade e tamén acadar unha mellora na intervención educativa realizada polos profesionais que prestan servizos neste centro, a través do apoio profesional e especializado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:22:44
Nº Rexistro: 12537
Data envío: 11/03/2021 10:22:44.393

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:22:41

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:42
Nº Registro: 12546

Data envío: 11/03/2021 10:24:42.729

Data 11/03/2021 10:24

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 7508**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a consideración da Xunta de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tabletas con brazo articulado para pacientes coa capacidade de comunicación e movemento impedida e a situación do procedemento de actualización da carteira de servizos do Sergas”**, (publicada no BOPG número 80 do 21 de xaneiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi respondida polo conselleiro de Sanidade no Pleno celebrado o 24 de febreiro de 2021, na resposta á pregunta con número de rexistro 7506.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-2021-02-24?part=7cdf2b41-ed42-45ea-94c8-c8d69238f325&start=10056> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:42
Nº Rexistro: 12546
Data envío: 11/03/2021 10:24:42.729

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:24:39

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:35
Nº Rexistro: 12545

Data envío: 11/03/2021 10:24:35.136

Data 11/03/2021 10:24

galiçia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 8918**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da elaboración dun plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social para revertir a situación dos fogares galegos, o orzamento que vai destinar no ano 2021 para evitar a súa consolidación e as medidas que vai implementar ao respecto”**, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Política Social se puxo en marcha o Plan de recuperación social de Galicia 2020 para a atención da vulnerabilidade. Este plan abrangue, a través de 33 medidas, dous enfoques. Por unha banda, dun xeito paliativo, atende de maneira inmediata as necesidades sobrevidas e, pola outra, traballa en clave preventiva ante posibles réplicas da situación de emerxencia e que puideran dar lugar á intensificación das problemáticas detectadas.

As consecuencias desta pandemia impactaron sobre a forma de vida de moitas galegas e galegos, con especial virulencia sobre os fogares máis vulnerables. Cando maior é a necesidade, maior será o compromiso da Xunta de Galicia. Para instrumentalalo, a Dirección Xeral de Inclusión Social conta con 125,5 millóns de euros en 2021, un 4,5% máis que no 2020.

Co investimento récord da Xunta en inclusión social blíndase o orzamento destinado á Risga: 64,4 millóns de euros. Trátase dunha aposta estratéxica por reforzar a nosa renda básica, nun contexto onde as prestacións de inclusión social de toda España están a reorganizarse pola posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital.

Con estes 64,4 millóns de euros que se blindan para a Risga preténdense cumprir tres

 Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:35
Nº Rexistro: 12545
Data envío: 11/03/2021 10:24:35.136

galicia

metas: primeiro, como é natural, seguirla ofrecendo aos galegos que necesiten cobrar esta prestación; segundo, reorientar unha parte do seu orzamento a garantir que o Ingreso Mínimo Vital vaia asociado á integración sociolaboral, unha condicionalidade que a día de hoxe non existe; e terceiro, en caso de que haxa remanentes, asegurar que se estes se destinarán a cubrir as necesidades das familias máis necesitadas.

Para modernizar e axilizar os recursos á disposición das familias máis vulnerables, neste 2021 comezarán os traballos para a reforma da Lei de inclusión social de Galicia, que por suposto será deseñada en estreita colaboración cos profesionais que traballan sobre o terreo.

Tanto nesta mellora legal como na actualización da Axenda Social Única de Galicia debemos deixar as nosas diferenzas a un lado e traballar xuntos para consolidar unha Galicia na que ninguén quede atrás”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:35
Nº Rexistro: 12545
Data envío: 11/03/2021 10:24:35.136

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:24:31

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:27
Nº Rexistro: 12544

Data envío: 11/03/2021 10:24:27.183

Data 11/03/2021 10:24

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 9427**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da calidade do servizo de transporte marítimo de viaxeiros que se está a prestar na ría de Vigo e as medidas previstas para restituír o seu carácter público”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 9426, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 3 de marzo de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director de Mobilidade salientou que o transporte marítimo na Ría de Vigo, que inclúe bonificacións de ata o 65% nas tarifas das viaxes, incrementou nun 80% os usuarios desde a integración en 2015 no Plan de Transportes Metropolitano.

Tamén indicou que, aínda que a lexislación limita as competencias autonómicas para intervir sobre a oferta do transporte marítimo, a Xunta dotou este servizo de seguridade xurídica e integrouno na Área de Transporte Metropolitano de Vigo, beneficiando directamente aos usuarios.

A resposta completa do director de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-03-03?part=14190759-5a69-4ff0-b9ae-981603e196f3&start=3386>

 Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:27
Nº Rexistro: 12544
Data envío: 11/03/2021 10:24:27.183

galicia

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-03-03?part=14190759-5a69-4ff0-b9ae-981603e196f3&start=4306> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:27
Nº Rexistro: 12544
Data envío: 11/03/2021 10:24:27.183

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:24:23

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:18
Nº Rexistro: 12543

Data envío: 11/03/2021 10:24:18.324

Data 11/03/2021 10:24

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 9565**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as modificacións introducidas na Lei do deporte de Galicia, a través da Lei 4/2021, de medidas fiscais e administrativas, en relación coas federacións deportivas”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“As medidas para o ámbito deportivo recollidas na recente Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, lei de medidas fiscais e administrativas, concréntanse en cuestións de mellora -principalmente formais- sobre aspectos xa contemplados nos eidos deportivo galego e comparado (Consejo Superior de Deportes e os respectivos departamentos con competencias no ámbito deportivo das distintas CCAA) que, para o caso das federacións deportivas, deben considerarse mecanismos de colaboración e apoio á actuación federativa.

A Lei do deporte de Galicia, Lei 3/2012, do 2 de abril, recollía dende a súa redacción orixinal a capacidade da Administración autonómica para requirir tanta información estimara pertinente ás federacións deportivas así como, e entre outros aspectos, o sometemento da xestión, contabilidade e estado económico-financieiro das federacións deportivas ás actuacións de auditoría. Así pois, non estamos ante auténticas novidades do marco legal do deporte galego, senón ante unha mellor comprensión e tratamento da regulación e da práctica en atención aos tempos e necesidades actuais e futuras do sector, concretamente no que se trata da necesaria mellora dos estándares de xestión federativa, e iso tanto para o ámbito financeiro como tamén





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:18
Nº Rexistro: 12543
Data envío: 11/03/2021 10:24:18.324

galicia

para o operativo e de execución das súas funcións.

Nesta tónica, tampouco os planes de viabilidade supoñen unha auténtica novidade para o sector, toda vez que se veñen celebrando dende 2019, ano en que foron incorporados aos convenios de colaboración que a Administración autonómica celebra coas federacións deportivas.

Os plans se configuran como unha ferramenta de apoio ás federacións que se atopan nunha situación económica-financeira desfavorable (saldo negativo á 31 de decembro do pasado exercicio), e que teñen por obxectivo acadar o equilibrio económico-financeiro da entidade, o que posibilita en última instancia a súa continuidade como tal e que poida seguir acometendo as súas funcións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:18
Nº Rexistro: 12543
Data envío: 11/03/2021 10:24:18.324

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:24:15

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:10
Nº Rexistro: 12542

Data envío: 11/03/2021 10:24:10.262

Data 11/03/2021 10:24

galiçia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 9744**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun plan específico de axudas directas para as empresas e entidades deportivas de Galicia abocadas a restricións e peche, como consecuencia das medidas sanitarias adoptadas fronte á covid-19”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“As axudas referidas no ámbito da iniciativa contémplanse no segundo Plan de rescate da Xunta de Galicia, dotado con 75 millóns de euros e que se suman aos 86 xa executados do primeiro Plan. Entre outras novidades, este segundo Plan contou cunha liña específica de axudas para outros sectores -diferentes ao da hostalería- que tamén deberon permanecer pechados por mor das restricións sanitarias adoptadas dende o comezo da emerxencia sanitaria, e entre os que se inclúen os ximnasios.

Por outra banda, hai que salientar tamén o investimento realizado de forma directa co tecido deportivo de Galicia, principal aglutinador dos axentes xestores da actividade deportiva, neste caso federada.

No 2020 nin federacións deportivas nin os clubs galegos viron diminuídas as súas achegas procedentes da Administración autonómica a pesar da paralización da actividade e, para este 2021, xa teñen a súa disposición todas as axudas recorrentes de calquera exercicio orzamentario, algunha delas, como é a convocatoria de actividade dos clubs, incrementada na súa dotación nun 100%, ao contemplar xunto á liña anual da actividade deportiva unha segunda para medidas de seguridade e prevención no ámbito da COVID (3.920.000 euros). Esta dotación súmase aos

 Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:10
Nº Rexistro: 12542
Data envío: 11/03/2021 10:24:10.262

galicia

convenios subscritos coas federacións deportivas (4,4 millóns) e á convocatoria de equipamentos (0,7 millóns)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:10
Nº Rexistro: 12542
Data envío: 11/03/2021 10:24:10.262

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:24:06

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:01
Nº Rexistro: 12541

Data envío: 11/03/2021 10:24:01.966

Data 11/03/2021 10:23

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 9895**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o recoñecemento oficial do dereito das seleccións deportivas galegas a competir internacionalmente”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“A promoción e difusión do deporte galego nos ámbitos supraautonómicos, así como da participación das seleccións galegas nestes, é un dos principios xerais da Lei do deporte de Galicia e como tal vincula a política deportiva do goberno galego.

Esta participación das seleccións deportivas galegas desenvólvese a través das funcións exercidas como propias polas respectivas federacións deportivas, as que, segundo se apunta no art. 56.2.a) da Lei do deporte, teñen por competencia propia a convocatoria das seleccións deportivas da súa modalidade e a designación dos deportistas que as integran.

Trátase pois dunha capacidade exclusiva das federacións, e para a que en todo caso contan sempre co apoio e colaboración da Administración autonómica, tamén no ámbito económico e de fomento a través dos convenios de colaboración que se subscriben para o desenvolvemento da actividade federativa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:24:01
Nº Rexistro: 12541
Data envío: 11/03/2021 10:24:01.966

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:23:58

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:23:53
Nº Rexistro: 12540

Data envío: 11/03/2021 10:23:53.357

Data 11/03/2021 10:23

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 10050**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a covid-19 e os seu efectos no sector do deporte”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“O segundo Plan de rescate da Xunta de Galicia, dotado con 75 millóns de euros e que se suman aos 86 xa executados do primeiro Plan, recollen entre os seus destinatarios a distintos sectores que tiveron que permanecer pechados por mor das restricións sanitarias adoptadas dende o comezo da emerxencia sanitaria, e entre os do sector deportivo e da práctica de actividade física.

Ademais e xunto a este plan da Xunta de Galicia vehiculado a través da Consellería de Emprego e Igualdade, o sector deportivo galego ligado á práctica federada non viu mermadas as súas axudas do 2020 correspondentes á actividade federada e, para este 2021, serán destinatarios dunha convocatoria dotada en cerca dun 100% mais de orzamento ao contemplar as medidas de seguridade e prevención no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19. A esta dotación de 3.920.000 euros, súmanse aos convenios subscritos coas federacións deportivas (4,4 millóns) e á convocatoria de equipamentos (0,7 millóns).

Por último, apuntar que as distintas e sucesivas normas ditadas con motivo do establecemento de medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica –nomeadamente as ordes ditadas pola





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:23:53
Nº Rexistro: 12540
Data envío: 11/03/2021 10:23:53.357

galicia

Consellería de Sanidade- establecen as normas de prevención concretas para o uso das instalacións deportivas (limpeza, desinfección, tarefas de ventilación, capacidade, uso de vestiarios e aseos, etc.)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:23:53
Nº Rexistro: 12540
Data envío: 11/03/2021 10:23:53.357

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:23:49

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:23:44
Nº Rexistro: 12539

Data envío: 11/03/2021 10:23:44.452

Data 11/03/2021 10:23

galicia

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 10455**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da execución no ano 2021 das actuacións de mellora da seguridade viaria necesarias na estrada PO-546, coñecida como a estrada vella Pontevedra-Marín”**, (publicada no BOPG número 97 do 18 de febreiro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 10454, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 3 de marzo de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Mobilidade avanzou que a Xunta vai investir máis de un millóns de euros no acondicionamento desta estrada autonómica PO-546 entre Pontevedra e Marín, na zona de Estribela. Tamén indicou que, mentres non se executa este proxecto que está en redacción, a Xunta ten en marcha unha reparación de urxencia das beirarrúas desta estrada para favorecer a accesibilidade.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-03-03?part=14190759-5a69-4ff0-b9ae-981603e196f3&start=1806>

 Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

Dirección Xeral de Relacións
Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:23:44
Nº Rexistro: 12539
Data envío: 11/03/2021 10:23:44.452

galicia

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2021-03-03?part=14190759-5a69-4ff0-b9ae-981603e196f3&start=2420> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 **Xacobeo 2021**



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/03/2021 10:23:44
Nº Rexistro: 12539
Data envío: 11/03/2021 10:23:44.452

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/03/2021 10:23:39

CSV: BOPGDSPGDQoipCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGDQc0itpCOG6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

